


IGADI ANNUAL REPORT 2023-2024

Eleccións e Guerras perfilando a multipolaridade





INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.gal



Eleccións e Guerras perfilando a multipolaridade



Edición: Daniel González Palau (Director IGADI) e Marola Novas Padín (Vicedirectora IGADI e Directora adxunta do Observatorio de la Política China)

Equipo colaborador: Serafín Pazos Vidal, Diego Sande Veiga, Raquel Isamara León de la Rosa, Christoph Schreinmoser, Andrea Mila, Xosé Veiras, Marcelo Javier de los Reyes, Alberto Trillo Barca, Jared D. Larson e Marta Álvarez.

Tradución textos internacionais: Isabel Neira Garrido e Rodrigo González Portela

Maquetación: BREO.gal

ISSN: 1989-9130

OBSERVACIÓN: As opinións expresadas non reflicten necesariamente as do IGADI e son responsabilidade dos seus autores.

Segue ao IGADI en [X](#), [Facebook](#), [LinkedIn](#) ou [Instagram](#). Subscríbete ao noso [boletín electrónico](#) na páxina web www.igadi.gal ou escríbenos a info@igadi.gal.

Índice

1. Presentación

- 1.1. Os contidos do IAR 2023-2024 4
- 1.2. Os 32 anos do IGADI 5
- 1.3. Equipo IAR 2023-2024 7

2. As Chaves de 2023

- 2.1. A globalización enferma?..... 11
- 2.2. Sur Global e Sur plural..... 12
- 2.3. A Unión Europea e os EEUU unidos polas normas internacionais..... 13
- 2.4. Risco global e multipolaridade líquida en Gaza..... 14
- 2.5. A Axenda 2030 en retroceso..... 15

3. As Perspectivas 2024

- 3.1. Ano electoral global. 16
- 3.2. A Guerra na globalización multipolar 17
- 3.3. Os BRICS no 2024 18
- 3.4. O Cumio do Futuro e a reforma de Nacións Unidas 19
- 3.5. A Unión Europea entre a guerra e a paz..... 20

4. Reflexións por áreas xeográficas 2023-2024

- 4.1. Balance da Presidencia Española da UE 2023: máis histórica ca mitigada, pero menos imprescindible do que se pensa. *Por Serafín Pazos*..... 23
- 4.2. América Latina: seguridade e democracia. “Nin é o mesmo nin é igual”.
Por Andrea Mila 25
- 4.3. África reorientase ante os cambios globais. *Por Marcelo de los Reyes*..... 26
- 4.4. Taiwán: o resultado posteleitoral. *Por Raquel Isamara León de la Rosa* 29
- 4.5. Os extremistas xa son o establishment. *Por Jared D. Larson*..... 31

5. Reflexións transversais 2023-2024

- 5.1. Claves da economía mundial no 2024. *Por Diego Sande*..... 34
- 5.2. Acelerar a acción climática nunha década crítica. *Por Xosé Veiras*..... 36
- 5.3. O dereito á alimentación: escasez de xustiza, chaves do 2023 e proxección para 2024. *Por Alberto Trillo Barca* 38
- 5.4. A cultura, o desenvolvemento sustentábel e o cambio climático.
Por Christoph Schreinmoser 40
- 5.5. A diplomacia deportiva: Das turbulencias no 2023 aos Xogos Olímpicos de París 2024. *Por Marta Álvarez* 43

6. As personaxes do ano:

- Prigozhin, Jenni Hermoso, Elon Musk, Netanyahu, Javier Milei 46

1.

Presentación

No 2023 titulamos o IGADI Annual Report (IAR) 2022-2023 «*Globalización e multipolaridade en tempos de Guerra*». Un ano despois, xa superado o segundo aniversario da invasión de Rusia a Ucraína e logo do espellismo da contraofensiva ucraína, Rusia amosa a súa fortaleza. A perigosa década dos anos 20 continúa sen treguas redefinindo a multipolaridade, ameazando con escalar en diferentes rexións e coa retórica da Guerra nuclear aberta.

Xa no Ano luar do Dragón, despois das eleccións de Taiwán no mes de xaneiro do 2024, seguimos a observar a rápida transformación dos cambios acumulados desde os confinamentos globais do 2020-2021. A multipolaridade reafirmase, da economía á seguridade. Nese orde de cousas a polarización arredor de todo o globo bebe da inercia de décadas de cambio que agora emerxen con toda a súa forza e impacto cotiá.

Ademais do escenario en Europa, hai moito máis para estar alerta. Se a Guerra da Ucraína foi o centro de atención das polémicas na sociedade internacional durante o 2023, as guerras e os conflitos de maior ou menor intensidade non deixaron de agromar e afondarse polo globo. Nesa cadea bélica, foron os eventos do 7 de outubro en Israel, co ataque de Hamás e a posterior vinganza encabezada polo moi polémico Netanhyahu, os que espertaron os titulares máis ameazantes para o malestar internacional postpandémico. O escenario en Gaza coa potencial ex-

tensión á Guerra por todos os mundo árabes parece que aínda non derramou toda a súa potencialidade, mentres que non se observa ningún horizonte final, máis alá de potenciais treguas e intercambio de reféns e presos ou o avance do proceso por Xenocidio a Israel na Corte Penal Internacional.

Así, a Guerra e a propaganda que a acompañan, ameazan con apoderarse dunha sociedade con riscos globais cada vez máis evidentes, de maneira particular para os nosos intereses, en Europa. As normas internacionais trala fin da Segunda Guerra mundial, hai tempo caducas, agonizan, mentres que observamos o tamaño da policrise (seguridade, económica, medioambiental, organizativa) aumentar.

Máis alá do marco de época onde nos atopamos, no 2024 todos os analistas destacan que viviremos nun ano electoral global, que simultaneará os seus resultados e os reequilibrios nacionais, cos taboleiros de seguridade, desde a xeopolítica e a xoeconomía, delimitando novos movementos e escenarios de curto, medio e longo prazo. O ano electoral rematará coas eleccións nos EE.UU., a grande superpotencia militar mundial, o que as converte nas máis relevante á hora de redefinir os escenarios.

1.1. Os contidos do IAR 2023-2024

Xa ben avanzado o ano 2024, presentamos baixo estes vimbios de maneira panorámica as variables e as ideas fortes que construíron o 2023 así coma os acontecementos e as tendencias a observar durante os próximos meses, onde as interdependencias do mundo globalizado seguirán a dominar as transformacións máis complexas.

Para achegarnos a estes procesos, nas áreas xeográficas a primeira análise achégana o Serafín Pazos, para realizar un balance da Presidencia española da UE durante o segundo semestre do ano 2023. Andrea Mila, achéganos á cuestión de seguridade na América Latina e a súa difícil relación coa democracia, achegándose de maneira específica ao exitoso resultado de Bukele no Salvador e a súa influencia na rexión. O experimentado Marcelo de los Reyes, pousa os ollos sobre a África do 2023, que tras sucesivos golpes de estado nos últimos anos comeza a emerxer como un campo de operacións específico da multipolaridade. Desde México, contamos coa análise de Raquel Isamara León de la Rosa, arredor do impacto das eleccións en Taiwán e os efectos sobre a tensión entre os EE.UU e a China. Finalmente Jared D. Larson desde os EEUU ofrece as principais claves para interpretar a campaña electoral estadounidense que atravesará todo o 2024 celebrándose o 5 de novembro.

Nas áreas transversais poñemos as lentes para atender ao estado da economía global con Diego Sande, con ameazas evidentes e a incerteza rodeando todos os prognósticos. Achegámonos tamén ao desenvolvemento da COP 23 e a futura COP 24 con Xosé Veiras, mais tamén á relevante cuestión da relación entre o desenvolvemento sustentable e cultura, da man do Christoph Schreinmonser, que analiza o impacto potencial da Mondiacult. Co texto de Alberto Trillo podemos deternos a pensar no dereito á alimentación, como a necesidade humana básica central e como factor de conflito naqueles territorios onde non se garante. Finalmente, pechan as áreas transversais a análise arredor da Diplomacia Deportiva, de Marta Álvarez, nun 2024 onde

se realizarán os Xogos Olímpicos de París, que sen dúbida darannos innumerables fotografías, titulares e acontecementos para a historia, con ou sen tregua olímpica.

Por último pechamos o IAR coas Personaxes do ano, nos que apostamos por distinguir figuras do 2023 que asociamos cos temas, as claves e as perspectivas que presentamos ao longo de todo o anuario.

Agradecemos de maneira especial as achegas das nosas investigadoras asociadas, así como as tradutoras de prácticas, que fixeron un traballo excelente traducindo os textos que chegaron desde fóra de Galicia. Tamén á Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, por apoiar a 17ª edición do IAR.

1.2. 32 anos do IGADI

En 1991, o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI (www.igadi.gal), naceu como un proxecto independente de partidos ou empresas, co propósito de construír un *think tank* de relacións internacionais capaz de proxectar a Galicia na sociedade global.

Entre os fitos desde a súa fundación, cómpre destacar que:

- O IGADI publica cunha periodicidade semestral a súa revista académica de relacións internacionais e estudos globais, *Tempo Exterior*, cun consello de redacción e consello científico ligado á universidade galega e internacional.
- O IGADI publica regularmente informes anuais, como o *IGADI Annual Report*, de relacións internacionais e política global, e o seu anuario sobre a acción exterior de Galicia, *Nós No Mundo*.

- O IGADI converteuse nos seus trinta e dous anos de actividade nunha escola e canteira de analistas en xeopolítica e estudos globais de referencia, situándose notablemente entre os *think tanks* do estado español, segundo o ránking que elabora cada exercicio a Universidade de Pensilvania dos EEUU.
- O IGADI elaborou o primeiro *Libro branco da acción exterior de Galicia* no ano 2003-2004, durante a presidencia de Manuel Fraga.
- O IGADI é unha entidade de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos chineses e impulsor do *Observatorio de la Política China*. Xulio Ríos, fundador e presidente de honra da entidade, gañou o premio Cátedra China en 2018 e o premio Casa Asia en 2020.
- O IGADI deseñou e puxo en marcha en 2009 o *OGALUS (Observatorio Galego da Lusofonía)* que, atendendo ás realidades, historia, sinerxías e intereses do país, atende de xeito permanente ao espazo internacional da Lusofonía. No 2022 organizou co CEPESE e a Universidade Fernando Pessoa o *II Congreso de Acción Humanitaria e Cooperación para o Desenvolvemento*. No 5 de maio do 2023, día mundial da lingua portuguesa, presentou un *Especial 15º aniversario*, contando coa colaboración de 25 especialistas de 4 continentes.
- O IGADI forma parte dos órganos consultivos da Xunta de Galicia, *Consello Galego de Acción Exterior* desde a súa constitución en 2010 e desde a súa creación no 2023 do *Observatorio da Lusofonía Paz Andrade*.
- No marco da Estratexia galega de acción exterior (EGAEX) impulsada pola Xunta de Galicia, en funcionamento desde o 1 de marzo de 2018, cítase expresamente ao IGADI como actor chave para a acción exterior de Galicia en Asia e China. Na EGAEX, no seu balance histórico, tamén se reconece a participación do IGADI nos principais consensos arredor da traxectoria da acción exterior de Galicia.
- O IGADI elaborou durante o mandato municipal 2015-2019 os estudos para as *Bases de acción exterior* dos concellos de Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra. O 21 de marzo de 2019 o pleno do Concello da Coruña aprobou por unanimidade, co voto favorable de todos os grupos, a declaración institucional «*A Coruña no mundo global do século XXI*» en apoio ao devandito documento. No 2022 realizamos as segundas Xornadas «*A Coruña no mundo global*» coa participación das principais entidades da cidade, como a a Autoridade Portuaria, a Cámara de Comercio, a Universidade da Coruña, así como o Estado, a Xunta de Galicia e o Concello, que apoia o Convenio co que tamén producimos un Mapa da cidade global da Coruña en linguas internacionais (portugués, español, inglés, chinés e galego). No 2023 realizamos a Gala da Coruña Global, conducida pola Premio nacional de poesía 2023, Yolanda Castaño.
- O 10 de setembro do 2021 o IGADI cumpriu 30 anos e o 1 de outubro celebrámolo nun acto no Consello da Cultura de Galicia, onde festexamos a nosa historia apostando por darlle continuidade ao tempo que innovando novas posibilidades. Na celebración do 30 aniversario presentáronse os Libros Homenaxe a Xulio Ríos «*Unha vida de compromiso para unha Galicia universal*» e «*De Galicia a China: Donde hay voluntad hay un camino*».
- No 2023 desenvolvemos coa Deputación de Pontevedra as Xornadas «*Galicia na lusofonía*».

nía dos anos 20» ou a «Gala da Lusofonía: A República dos Sonhos» así como a elaboración do estudo «A Deputación de Pontevedra e a acción exterior de Galicia».

- O 21 de xaneiro do 2023 inauguramos a páxina web multi-idiomas www.igadi.gal.
- Desde comezos do 2023 traballamos co Campus Industrial de Ferrol e o Grao de Relacións Internacionais da Universidade da Coruña apoiando a súa internacionalización e o Grao de Relacións Internacionais do Campus Industrial de Ferrol.
- O IGADI conta con Convenios de colaboración con Casa Asia e a Fundación Carolina, como proxección do traballo de diplomacia pública galega en colaboración coa rede de entidades vinculadas ao Ministerio de Exteriores de España.
- O 10 de setembro do 2023 o IGADI cumpriu 32 anos, o 10 de setembro do 2024 cumpriremos 33.

1.3. Equipo IAR 2023-2024

O equipo do IGADI Annual Report 2023-2024 confórmase por especialistas galegos e internacionais, combinando a participación de analistas con traxectorias consolidadas e novos valores vinculados á Rede de persoas investigadoras asociadas do IGADI.

O IGADI Annual Report, coma informe anual de relacións internacionais e política global, cumpre no 2024 o seu 17º aniversario, xa que a primeira edición arranca co IAR 2007-2008.

Cómpre agradecer o traballo de tradución realizado polas estudantes en prácticas do Grao en Filloxía e Tradución da Universidade de Vigo, Isabel Neira Garrido e Rodrigo González Portela.

Editores IAR 2023-2024:



DANIEL GONZÁLEZ PALAU
é director do IGADI.



MAROLA PADÍN NOVAS
é vicedirectora do IGADI e
*analista do Observatorio de la
Política China.*

Achegas por áreas xeográficas e transversais IAR 2023-2024:



SERAFÍN PAZOS
é coordinador da Liña de investigación na Unión Europea do IGADI. É Doutor en Unión Europea e foi Xefe da Oficina de Bruxelas e responsable da Política Europea da Convención de Autoridades Locais Escocesas. Actualmente é coordinador de proxectos da AEIDL, European association for innovation in local development. Doutor en Unión Europea, foi Xefe da Oficina de Bruxelas e responsable da Política Europea da Convención de Autoridades Locais Escocesas. É membro do Comité de Expertos de Subsidiariedade do Comité Europeo das Rexións, Coordinador do Grupo de Expertos de Cohesión do Consello de Municipios e Rexións de Europa (CMRE) (2008-2018), Secretario dos membros escocesos do Comité das Rexións (2007-2020) e do Consello de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa. Relator técnico

de varios Ditames do Comité das Rexións, Consello de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, Parlamento Europe, Parlamento Escocés e Parlamento Británico. Membro da Comisión Institucional e de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega. Anteriormente traballou na Fundación Galicia Europa en Bruxelas e na Secretaría Xeral de Acción Exterior do Goberno Vasco, entre outros. Columnista mensual en Galicia Confidencial e colaborador habitual de Luzes, La Voz de Galicia, El Correo Gallego e Agenda Pública de El País.



ANDREA MILA

é investigadora asociada do IGADI. Doutorada en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Relacións Internacionais e Diplomacia e Licenciada en Estudos Internacionais. Investigadora en relacións internacionais, política exterior e migración.

Experiencia no sector público, privado e universitario. Traballou en varios Ministerios de América Latina nas áreas de relacións bilaterais e multilaterais, cooperación, cultura, educación e comunicación, con especial incidencia en América Latina e Europa do Leste. Actualmente é investigadora na área de Estudos e Análise da Fundación Carolina.



MARCELO JAVIER DE LOS REYES

é investigador asociado do IGADI. é Licenciado en Historia pola Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Bos Aires (UBA). Doutor en Relacións Internacionais, Atlantic International University (AIU), Estados Unidos.

Director executivo da Sociedade Argentina de Estudos Estratéxicos e Globais (SAEEG) <https://saeeg.org/>. Autor do libro “Intelixencia e Relacións Internacionais: un vello vínculo e a súa actual revalorización para a toma de decisións”. Bos Aires: Editorial Almaluz, 2019, 310 p. No 2022 foi condecorado coma “Embaixador Académico da Fundación Internacionalista de Bolivia (FIB)”. Foi profesor da Universidade do Salvador, da Universidade de Defensa Nacional (UNDEF), e catedrático de “Intelixencia” no Máster en Intelixencia Estratéxica Nacional da Universidade Nacional de La Plata (UNLP) e da Escola Nacional de Intelixencia. Foi membro do Consello Arxentino de Relacións Internacionais (CARI).



RAQUEL ISAMARA

LEÓN DE LA ROSA

é Directora do Observatorio de la Política China (IGADI) e parte do Consello Científico da revista do IGADI Tempo Exterior, na que coordinou o Tempo Exterior nº45 (xullo/décembro 2022) “Comercio e Relacións internacionais post-pandemia”. Doutora con distinción en Relacións Transpacificas pola Universidade de Colima (México). Delegada mexicana da sección académica do programa “Ponte ao Futuro” do Foro China-CELAC. Participante en obradoiros organizados polo Departamento Internacional do Comité Central do Partido Comunista Chinés e a Comisión Económica para América Latina e o Caribe. Membro investigador do programa “China e América Latina” do Diálogo Interamericano en Washington DC. Membro do Sistema Nacional de Investigadores do Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.



JARED D. LARSON

é investigador asociado do IGADI e membro do Consello Científico da revista Tempo Exterior. Licenciouse en Literatura Hispanica e Francofona e en Filosofía na Emporia State University (Kansas), realizando unha maestría en Dereito Internacional e Relacións Internacionais na Universidade Complutense de Madrid. Doutorouse en Ciencia Política na Universidade de Delaware. Foi bolseiro doutoral por Fulbright na Universidade de Lisboa, onde posteriormente traballou como investigador posdoutoral. Entre as súas áreas de investigación inclúense a política comparada (as culturas políticas de España, de Portugal e de EEUU, as políticas da inmigración e a política na literatura contemporánea). É membro do comité executivo da Asociación dos Estudos Ibéricos Contemporáneos e foi coeditor da súa revista, a International Journal of Iberian Studies, do 2014 ao 2021. Colabora co IGADI desde 2005 como investigador asociado e é membro do Consello Académico da súa revista, Tempo Exterior. Desde 2016, é profesor de Ciencia Política na California State Polytechnic University (Humboldt, California).



DIEGO SANDE VEIGA

é coordinador da Liña de investigación en Economía do IGADI e forma parte do Consello de Redacción da Revista Tempo Exterior. É profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e doutor en Economía e Empresa. É ademais funcionario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. As súas liñas de investiga-

ción principais céntranse no impacto das políticas públicas de innovación en Galicia, na xestión e aplicación dos Fondos Europeos para o desenvolvemento rexional e na innovación tecnolóxica medioambiental. Colabora co Grupo de Investigación ICEDE (Innovación, Cambio Estructural e Desenvolvemento) da Universidade de Santiago de Compostela e co IGADI (Instituto Galego de Documentación Internacional). Forma parte do Consello de Redacción da Revista Tempo Exterior. Participou en numerosos congresos nacionais e internacionais e publicou libros e numerosos artigos en revistas científicas e técnicas, ademais de colaborar con diferentes medios de comunicación. Recibiu o Premio Colmeiro de Investigación da Xunta de Galicia en 2024, así coma o Primeiro Premio a Investigacións sobre o Emprego do Consello de Santiago de Compostela, e o Premio Extraordinario do Mestrado DEIN.



XOSÉ VEIRAS

é investigador asociado do IGADI. Licenciado en Bioloxía pola Universidade de Santiago e diplomado especialista en sustentabilidade, ética ecolóxica e educación ambiental pola Universidade Politécnica de Valencia. Educador e consultor ambiental. Promotor do Observatorio Galego da Acción Climática (OGACLI). Co-autor do libro Mapa ecosocial de Galicia (Catro Ventos Editora, 2019).



CHRISTOPH SCHREINMOSER

é investigador asociado do IGADI e responsable do IGADI no Campus Industrial de Ferrol. Xurista

bávaro nado en 1996. Profesor substituto en Dereito internacional público e Relacións internacionais na Universidade da Coruña. Actualmente está desenvolvendo a súa tese doutoral no ámbito do Dereito internacional do patrimonio cultural.



ALBERTO TRILLO ABARCA

é investigador asociado do IGADI. Actualmente oficial de medios de comunicación globais para o Fondo Internacional para o Desenvolvemento Agrícola (FIDA) das Nacións Unidas, con sede en Roma, Italia. Alberto traballou como responsable de comunicación, promoción e informes da Organización para a Alimentación e a Agricultura das Nacións Unidas (FAO) en Afganistán desde (2021-2022). Anteriormente exerceu este como responsable de comunicación para a representación da FAO en Somalia (2019-2020). Antes destas experiencias sobre o terreo, realizara varias consultorías no eido da comunicación para a FAO na súa sede mundial en Roma (2014-2019). Traballou en temas de innovación agrícola, movementos sociais e ONG no ámbito da seguridade alimentaria, cooperación Sur-Sur, e investigación sobre a contribución dos pequenos agricultores á seguridade alimentaria. Licenciado en Xornalismo (Universidade de Santiago de Compostela), e con máster en Relacións Internacionais (Universidade CEU-San Pablo) e Xestión Internacional da Empresa (Universidade Internacional Menéndez Pelayo – como bolseiro de internacionalización ICEX), Alberto Trillo Barca está especializado en dirección de comunicación corporativa, xestión de relacións cos medios comunicación e co-

municación de crise no contexto da axuda humanitaria. Posúe tamén un posgraduado de especialización en fotografía (Michigan State University).



MARTA ÁLVAREZ

é investigadora asociada do IGADI. Graduada en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela e é especialista en Diplomacia Deportiva. Realizou o Mestrado en «Xestión empresarial do deporte» da Universidade de Vigo.

2.

As Chaves do 2023

2.1. A globalización enferma?

Tralos confinamentos pandémicos de 2020 e 2021 e a posterior invasión da Ucraína por parte de Rusia (2022) todos os analistas converxeron, de norte a sur, en chamar a atención sobre a potencial final da globalización. O impacto da Covid-19 evidenciou de maneira abrupta e radical as fragilidades dunha globalización que ata hai poucos anos semellaba imparable. O movemento posterior de Rusia na Ucraína, trala saída dos EEUU de Afganistán (2021), evidenciou a debilidade das vellas normas internacionais.

Por detrás deste medo ao colapso da globalización atópase a grande confrontación dos anos 20 do S.XXI, a confrontación estratéxica en todos os ámbitos (económico, militar, tecnolóxico, ideolóxico...) entre os EEUU e a China. Nese marco xeral, desde a análise do conflito, o 2023 afondou os cambios que abrira o 2022, amosando as incapacidades dos novos tempos para os EE.UU e os seus aliados, co intento de illamento de Rusia, sen éxito, da sociedade internacional.

Desde outros parámetros e complexidades, mais premendo na mesma dirección, a Guerra entre Israel e Hamas, coa ameaza da ruptura da loxística internacional por medio do bloqueo do Mar Vermello por parte dos Huties, amosa outro perigoso regueiro de consecuencias non controladas.

Ambas as escenas non fan máis que maximizar esa sociedade de risco global, así como esa potencial final da Globalización, que por agora, só derrama por zonas específicas, sen producir un descontrol xeneralizado.

Máis alá das rivalidades sistémicas visibles para todos, por detrás, a xeoeconomía continúa a asentarse nas bases explicativas de todos estes potenciais riscos por explotar, así como da súa propia contención. Así, nunha entrevista publicada en xaneiro do 2024 a directora xeral do FMI, Kristalina Georgieva, acentuou de novo estes medos, advertindo dos riscos de fragmentación da economía global por mor das tensións xeopolíticas, cos países gravitando cara bloques separados liderados por Estados Unidos e China. A guerra comercial, a guerra tecnolóxica ou a ruptura das cadeas industriais e de subministros, están, ao fin, deseñados esencialmente para converter as cuestións comerciais en instrumentos da pugna hexemónica. Este proceso alongouse e afondouse durante o 2023.

Sen embargo, estas turbulencias no político e na seguridade, non teñen aínda unha proxección económica tan poderosa. O propio Fondo Monetario Internacional, presentou durante o 2023 o estudo *“Measuring Globalization When It Is Needed the Most : A Long-Run Analysis”* para medir a realidade das cousas. A conclusión é que aínda que moitos análises maximizan a velocidade da desglobalización, a realidade dos datos amosa densas interdependencias económicas, que se ben ofrecen síntomas para a alerta, non significan hoxe unha ruptura maior da velocidade da globalización, da que por exemplo significou a crise financeira do 2008. **No 2023 coa apertura da China ao merca-**

do mundial tralo peche pola Covid-19, a globalización, aínda que enferma, segue a dar alto dividendos.

2.2. Sur Global e Sur Plural

Cómpre ler o 2023 como un ano onde a idea de Sur Global gañou peso e presenza nos titulares de toda a prensa mundial. Que hai detrás desa idea de Sur Global? Sendo unha idea que vén da vella Guerra Fría e do vello mundo non aliñado, na actualidade a súa presenza revitalizouse, proxectándose en múltiples ámbitos, o que en si mesmo da conta da normalización da multipolaridade.

Se alguén se destaca por tirar con forza desta idea é actualmente o presidente chinés Xi Jinping, que desde as Iniciativas da Comunidade para o Destino Compartido, destaca a súa aspiración de posicionar a China como líder no Sur Global, obxectivo que alén do desafío sistémico aos Estados Unidos, a sitúa tamén en competencia directa coa India.

No cruzamento entre as vellas e as novas dinámicas, os países do Sur Global, coa vocación de artellamento institucional máis visible no marco dos BRICS ou a Organización de Cooperación de Shanghai, atópanse nunha encrucillada, obrigados a decidir como xestionar os novos equilibrios xeopolíticos.

Nestes marcos popularizouse a necesidade de entender o Sur Global como un bloque plural, onde cada quen defende a súa soberanía e a natureza líquida dos seus vínculos e alianzas internacionais en base a contextos e conxunturas determinadas. Na maioría dos casos a prioridade é garantir o desenvolvemento económico nacional no medio das incertezas xeopolíticas, xestionando como se

pode o aumento dos niveis de débeda, a asistencia sanitaria aos seus cidadáns ou a crise enerxética provocada polo aumento dos prezos do petróleo e do gas.

O innegable é que a multipolaridade avanza por detrás dese escenario de maneira irreversible. A rebulo das consecuencias da Guerra na Ucraína, máis unido ou máis plural, o Sur Global evidenciouse de novo nas distintas citas e acontecementos do ano 2023. Tanto nas votacións en Nacións Unidas, como nos distintos foros internacionais e rexionais, así como nuns medios de comunicación, que de España a Angola ou Chile, reflicten con maior intensidade ese novo mundo, xa non en formación, se non en acción. O G77, que sería a plataforma onde se artella o Sur Global dentro de Nacións Unidas, nado no 1964 conta hoxe con 134 países.

Por identificar algúns exemplos desta emerxencia global e plural. En maio do 2023 no Cumio do G7 en Hiroshima (Xapón) Brasil e a India, que participaron como convidados, amosaron a súa desconformidade coa posición occidental na Guerra entre a Ucraína e Rusia. Tamén, as novas fórmulas da multipolaridade apareceron con maior claridade nas fotografías e declaracións do G20 en Nueva Delhi (India) ou no Cumio dos BRICS de Xohanesburgo (Sudáfrica). Ambas as citas non foron ordinarias de ningunha maneira, xa que as súas axendas incluíron moitos temas importantes á luz das tensións mundiais derivadas do conflito en Ucraína, a escalada das tensións no sueste asiático ou a posible guerra na rexión do Sahel en África tras o golpe de estado en Níxer. **Así outro titular entrou en acción neste novo mapamundi, o papel de África, que por medio da Unión Africana conta agora cun asento**

permanente no G20 ao tempo que obtivo todo o protagonismo durante o Cumio dos BRICS.

2.3. A Unión Europea e os EEUU unidos polas normas internacionais

Se no 2022 a relación entre a Unión Europea e os EEUU entraba nunha nova fase de acción conxunta reforzada trala invasión rusa da Ucraína, o 2023 non fixo máis que acelerar e compactar esta visión aliada en todos os ámbitos. **A primeira consecuencia, é que a idea da autonomía estratéxica europea, tantos anos agardada, segue a conformarse desde o sólido vínculo transatlántico e a dicotomía global que guía a Presidencia de Biden entre democracias e autocracias. Esta alianza do mundo baseado en regras, atopa o seu fundamento na unión militar que significa a OTAN e a herdanza da súa posición dominante na sociedade internacional desde a Segunda Guerra mundial.**

De maneira significativa, en marzo do 2023 apareceu o concepto de eliminación de riscos, *-derisking*, coa China, introducido por primeira vez pola presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen. Este termo promoveu unha plataforma conceptual propia europea arredor da ameaza á seguridade que supón a República Popular China, principalmente económica pero non só. Sendo un matiz significativo con respecto ao *-decoupling* dos EEUU ao respecto da China, son visións que ao longo do 2023 acabaron por complementarse á hora de subir a presión sobre China en todos os ámbitos.

Ao mesmo tempo, a acción conxunta seguiu a darse e visibilizarse con firmeza arredor da Guerra da Ucraína, ou posteriormente, de maneira diferente, coa invasión de Israel a Gaza. Aínda coa fracasada contraofensiva ucraniana ou os propios problemas internos que agromaron durante o 2023 no Estado ucraniano, a confrontación con Rusia en todos os ámbitos persistiu como núcleo e trampolín para o posicionamento conxunto EEUU-UE en todos os foros internacionais.

Con maiores matices estase a desenvolver a relación euro-americana ao respecto dos sucesos en Palestina. Se nun primeiro momento a UE secundou a Israel coa mesma vehemencia que os EEUU, a desproporcionada agresividade israelí en Gaza acabou por endurecer o posicionamento europeo, que a día de hoxe está a conter e influír a visión estadounidense (ademais das eleccións) na ofensiva de Israel.

Máis alá da política de seguridade o Cumio UE-EEUU do mes de outubro do 2023 deixou unha Declaración conxunta que aborda toda unha batería de temas que o eixo aspira a posicionar de maneira conxunta na axenda internacional. Da transición ecolóxica ao comercio mundial ou á revolución da intelixencia artificial. As fendas que abre a nova multipolaridade están a facer de argamasa do vello mundo en defensa das normas actualmente vixentes.

Sen embargo, a propia fragilidade estrutural da UE así como a grandísima polarización, tanto nos EEUU como na UE, fai que esta revitalización do vínculo transatlántico poida ser coxuntural, especificamente se o 2024 dera con facer volver a Donald Trump á presidencia da Casa Branca.

2.4. Risco global e multipolaridade líquida en Gaza

No 1986 o sociólogo alemán Ullrich Beck popularizou a idea da **Sociedade do Risco**, como consecuencia da globalización e a multiplicación exponencial das interdependencias planetarias, das económicas ás medioambientais ou de seguridade. O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e o alongamento das redes de conectividade física e dixital creaba unha nova sociedade internacional máis interdependente e vulnerable.

Da mesma maneira durante os anos 90 Zygmunt Bauman impulsaba no imaxinario global á idea de **mundo líquido**, para definir o estado fluído e volátil da sociedade actual, sen valores moi sólidos, no que a incerteza pola velocidade vertixinosa dos cambios debilitou os lazos humanos. **Ao calor destas ideas, entre outras, xa no S.XXI agromou no mundo da planificación estratéxica a idea do mundo VUCA (volatilidade, incerteza, complexidade, ambigüidade) converténdose nun lugar común ao longo de todo o globo para caracterizar os tempos actuais.**

O impactante ataque de Hamás contra Israel na mañá do sábado 7 de outubro, evidencia ben, tanto os efectos da sociedade de risco como da sociedade líquida no mundo actual e nas súas relacións internacionais. O mundo VUCA. O ataque, que adquiriu unha escala sen precedentes (con máis de 1.000 mortes e tomando un número descoñecido de reféns, máis de 150 segundo os últimos datos) produciuse cando ninguén o agardaba. No medio dunha crise institucional sen precedentes en Israel a conto da concentración de poderes promovida polo Goberno Netan-

yahu e no contexto da nova era anunciada das relacións de Israel co mundo árabe por medio dos Acordos de Abraham (polo que Israel estableceu relacións diplomáticas en 2020 con Emiratos Árabes Unidos, Baréin, Sudán e Marrocos) que agardaba pechar o círculo coa normalización das súas relacións diplomáticas con Arabia Saudí.

O día despois do ataque de Hamas o aumento de case un 9 por cento das accións de Lockheed Martin, foi o maior para o contratista de defensa estadounidense dende marzo de 2020. As accións de Northrop Grumman tamén tiveron o seu mellor día dende 2020. **Os cinco grandes xigantes do complexo militar-industrial estadounidense proxectan grandes resultados (Lockheed Martin, Boeing, Raytheon, General Dynamics e Northrop Grumman) mais non son os únicos e arredor do planeta a industria militar gaña peso en todos os Estados.**

Un mes despois do ataque de Hamás deu comezo a invasión israelí, co que pouco máis de trinta anos despois dos Acordos de Oslo para a solución de dous estados (13 de setembro de 1993) a folla de ruta de normalización nos mundos árabes volveu estoupar.

O mundo líquido casa tamén de maneira exacta coas reaccións da sociedade internacional e co suposto monolitismo dos bloques da vella Guerra Fría. Así, mentres China negouse a condenar o ataque de Hamás da outra banda a India de Modi apoiou, case sen fendas a Tel Aviv, e Rusia, aínda que condenando a Netanyahu, mantén os seus circuitos de colaboración con Israel.

A mensaxe de fondo de Beck ou de Bauman era que a humanidade precisaría de me-

canismos de gobernanza global para facer fronte aos novos desafíos, ao novo ecosistema global. Sen embargo, o transitar das primeiras décadas do S.XXI amosa a fotografía contraria, cunhas Nacións Unidas cada vez máis impotentes. Non sen falta de fundamento, o 29 de decembro de 2023, Sudáfrica presentou unha denuncia contra Israel por «xenocidio» en Gaza ante a Corte Internacional de Xustiza (CIJ) aínda por resolver, mais que xa solicitou medidas provisionais sen éxito.

2.5. A Axenda 2030 en retroceso

No último informe do progreso sobre os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), o secretario xeral da ONU, António Guterres, denunciou que o 80 por cento das 169 metas mostran un progreso feble ou en retroceso. **O Informe de Desenvolvemento Sostible 2023 informa de que os resultados entre os países de ingresos altos e os de baixos ingresos representarán unha maior desigualdade en 2030 que cando se acordaron universalmente os obxectivos en 2015.**

A pandemia atópase no centro da desaceleración da consecución dos ODS, mais a Guerra da Ucraína e o aumento dos prezos a nivel mundial significa outro fito nesta dinámica que tende a estabilizarse de aquí ao 2030 segundo os distintos análises e informes dispoñibles, tanto por Nacións Unidas como por entidades independentes.

Para afrontar esta situación á SDSN (Sustainable Development Solutions Network, Red de Solucións para o Desenvolvemento Sostible) propón unha reforma profunda da arquitectura financeira global. **Volvemos ao mesmo punto que ao longo das úl-**

timas décadas. A maioría dos países de renda baixa e media carecen da cualificación crediticia necesaria para obter préstamos en condicións aceptables, o que os fai moi vulnerables ás crises de liquidez, polo que é case imposible que os países apliquen investimentos sostibles a longo prazo. Isto reflíctese de maneira clara na conclusión máis inquietante da avaliación da Axenda 2030 durante o 2023, dos 17 ODS, o 10, o da redución das desigualdades é o que máis atrasado vai de todos, identificando ademais que a desigualdade entre países aumentou por primeira vez en tres décadas. De novo a débeda externa é un circulo vicioso. Os países do Sur en desenvolvemento enfrontan esaxerados custes de endebedamento e pagan máis polo servizo da débeda que pola sanidade ou a educación. **Un de cada tres países do mundo corre agora un alto risco de crise fiscal.** Desta maneira os factores esóxenos acaban por liquidar os avances endóxenos, non exentos de problemas, de cara ao avance do desenvolvemento humano.

Mentres os gobernos dos países ricos incrementan as partidas orzamentarias para a defensa de forma espectacular, o FMI e o Banco Mundial volven a empregar receitas tradicionais que tan malos resultados deron en relación ás necesidades humanas básicas. O Fondo Internacional de Desenvolvemento Agrícola proxecta que no 2030 seguirán vivindo na pobreza extrema uns 575 millóns de persoas, practicamente os mesmos que en 2015, 600 millóns. Por detrás deste fracaso material da Axenda 2030 e os seus 17 obxectivos non pode obviarse o momento de tensión, conflito e guerra na sociedade internacional. Unha realidade que ameaza con consolidarse.

3.

As Perspectivas do 2024

3.1. Ano electoral global

En novembro do 2023 un especial do semanario estadounidense The Economist enfocaba sobre o 2024 identificándoo como o ano electoral máis importante da historia. **Preto de 3.400 millóns de persoas poderían votar en eleccións nacionais en 73 países. Se a estas cifras estatais, agregamos as eleccións municipais e rexionais (como Brasil ou Turquía), superaríanse os 4.200 millóns de persoas como potenciais votantes, superando a metade da poboación do planeta.**

As máis importantes en consecuencias para a sociedade internacional serán sen dúbida ás do 5 de novembro nos **EEUU**, mais non menos poden ser as da **India**, que se celebran a partir do 16 de abril (aínda que todo apunta a unha reelección masiva de Modi) ou as do **Parlamento Europeo**, que se celebrarán entre o 6 e o 9 de xuño.

Nese inmenso volume de electores, países e persoas candidatas, conviven múltiples maneiras de entender a democracia e a calidade democrática, máis alá de sistemas electorais e sistemas de partido de natureza ben diferente. Esta apreciación é relevante para atender a cada cita coa prudencia necesaria á hora de sacar conclusións demasiado rápidas. En calquera caso, a polarización e o auxe

da extrema dereita son sinais maioritarios para identificar os tempos de crises globais e nacionais superpostas.

Por exemplo, durante o mes de xaneiro o ano electoral global comezou coas eleccións en **Taiwán** onde Lai Ching-te, candidato do Partido Democrático Progresista (PDP) venceu ao Kuomintang, aínda que con menos marxe de diferencia do que prevían as enquisas, mais coa suficiente para continuar a senda soberanista que tanto incomoda a China. Ademais das votacións en **Comoras, Bangladesh e Finlandia**, durante o mes de xaneiro, o 4 de febreiro, **El Salvador**, confirmou o fenómeno Bukele, cun apoio de máis do 70%, nun dos escasos países onde a polarización electoral non é o principal titular. En febreiro tivemos tamén elección nas das dúas nacións musulmás máis populosas do planeta, **Pakistán e Indonesia**, que aínda que cheas de problemas, violencias e inxerencias de todo tipo, deron dereito a voto a máis de 200 millóns de votantes e continuidade nun segundo mandato a Shehbaz Sharif en Pakistán e a Prabowo Subianto (anterior Ministro de Defensa) en Indonesia.

Xa en marzo, as eleccións de **Portugal** a dereita volveu ser a gañadora en número de votos, mais foi a extrema dereita de Chega, a grande vitoriosa dos comicios ao conseguir un millón e un cuarto de votos. Se en Portugal atopamos a polarización como signo de identidade, as eleccións en **Rusia** do 17 de marzo deron cunha abafadora maioría para a nova reelección de Vladimir Putin, con máis do 70% dos apoios e unha participación oficial tamén de máis do 70%. En **Corea do Sur**, en abril, o presidente Yoon Suk-yeol arrisca a maioría nunhas eleccións que renovarán os 300 escanos da Asemblea Nacional.

No ámbito dos BRICS está un dos escenarios máis aberto do ano. Sudáfrica, o 29 de maio, terá eleccións á Asemblea Lexislativa, que ameazan con relevar do poder ao Congreso Nacional Africano por primeira vez na historia democrática do país. A Alianza Democrática e o seu candidato, son agora mesmo, líderes nas enquisas. O sistema electoral surafricano pode deparar moitas sorpresas nesta extraordinaria conxuntura.

O péndulo latinoamericano tamén estará en movemento de maneira destacada. Haberá eleccións en Panamá (5 de maio) ou República Dominicana (19 de maio), México (2 de xuño), Venezuela (28 de xullo) e Uruguai (27 de outubro). Trala vitoria de Milei en Arxentina e de Lula no Brasil durante o 2023, México acapara a máxima atención, tendo por primeira vez, 2 mulleres que competirán pola presidencia: a ex xefa de goberno de Ciudad de México, Claudia Sheinbaum, aspirante polo partido oficialista Morena; e a ex senadora Xóchitl Gálvez, por unha coalición composta polos opositores Partido Acción Nacional (PAN), Partido Revolucionario Institucional (PRI) e Partido da Revolución Democrática (PRD).

Un ano electoral global, que a todas luces é unha vitoria das olas democráticas, mais que non pode obviar que a heteroxeneidade en relación á calidade das democracias, así como a polarización e o conflito crecente, dentro e entre países, que dará uns resultados que perfilarán a multipolaridade nos próximos anos. Desta maneira, tanto as continuidades como os cambios, poderían inclinar decisivamente o equilibrio xeopolí-

tico, traendo cambios no apoio occidental a Ucraína, o conflito en Oriente Medio, as relacións comerciais ou a economía mundial interconectada.

3.2. A Guerra na globalización multipolar

Os datos son irrefutables á hora de analizar o estado do planeta como de enormemente preocupante. **Crisis Group, comeza o seu informe anual, anunciando que desde o 2012 o número de guerras no planeta non deixou de medrar, despois dun descenso na década de 1990 e principios dos 2000.** Así, as guerras en Libia, Siria e Iemen, tralas primaveras árabes do 2011, a crise no Sahel na última década, ou os escenarios actuais en Ucraína, Gaza, ou Sudán, deixan un regueiro de conflitos conectados e non sufocados.

Así as cousas, atopamos un mundo en policrise, concepto que o historiador Adam Tooze actualizou e popularizou o ano pasado para explicar a interacción de varias crises que están a darse ao mesmo tempo no planeta desde antes da Crise da Covid-19. **Nesa crise, política, económica, medioambiental, enerxética ou diplomática, a poliguerra sería a súa expresión armada, por medio de diversos conflitos que non son feitos illados, senón interrelacionados.**

Na primeira liña da preocupación atópanse as Guerras na Ucraína e Gaza, como focos con capacidade de escalar a escenarios nucleares. Todo alerta dos puntos quentes para potenciais escaladas do conflito, tanto na fronteira no norte europeo con Rusia (do Mar Báltico a Polonia) como nas de Israel co

Líbano, Siria e Xordania, aínda máis tralo ataque de Israel á Embaixada iraní en Damasco do 1 de abril.

A guerra en Ucraína está actualmente estancada, con poucos cambios na primeira liña, polo que hai pouco que suxira que as negociacións, que por exemplo pide o Papa, poidan dar lugar ao fin do conflito durante o 2024. Aparentemente só un colapso radical da resistencia ucraína podería poñer fin á Guerra neste ano en curso. Na fotografía superposta, a desmesura dos ataques israelís en Gaza e a súa provocativa actitude cos seus diferentes inimigos rexionais, abre a posibilidade dunha escalada con Irán e o Eixo da Resistencia (termo político que significa a alianza estratéxica implícita que se opón á ocupación israelí de Palestina: Irán, Siria, Hezbollah no Líbano, Hamás e Yihad Islámica en Palestina, así como as Forzas de Mobilización Popular en Iraq ou o movemento Houthi Ansar Allah en Iemen).

Por detrás destes escenarios de ameaza total á seguridade no planeta atopamos unha situación en África ou América, no que a sensación xeneralizada de interregno anima aos distintos líderes a manter posicións asertivas e fóra dos canais e a linguaxe establecida pola diplomacia tradicional. Nese marco pódense entender a perigosa escalada de tensións entre Ruanda e República Democrática do Congo, no contexto de retirada das misións de seguridade da ONU e tropas francesas. Ou tamén, o asalto á Embaixada de México no Ecuador do 5 de abril, así como os desaires permanentes entre os presidentes latinoamericanos.

Mentres, en Asia, o renovado centro do mundo, existe un dobre escenario de tensión

que ameaza con ser o foco central da inestabilidade na rexión no que queda de década. Durante o mes de marzo a escalada do conflito entre Filipinas e a China no mar da China Meridional (por cuxas augas circulan anualmente aproximadamente 5 billóns de dólares en fluxos de comercio internacional) aumentou coa repetición de incidentes entre embarcacións e gardacostas, acumulando densidade para un potencial conflito aberto. **Conectado aos problemas entre China Filipinas, a potencialidade explosiva de Taiwán,** aparece fortemente relacionada. A especulación da construción por parte dos EEUU dunha base naval en Batanes (Filipinas), no estreito de Luzón, é outro punto quente da arquitectura de seguridade nun dos puntos centrais do comercio mundial.

Así, mentres que a policrise segue a madurar, o mundo agarda o resultado das distintas eleccións no planeta, e especificamente ao 5 de novembro coas eleccións nos EEUU.

3.3. Os BRICS no 2024

Os BRICS, o grupo de cinco países: China, Rusia, India, Brasil e Sudáfrica, creado en 2010 viviu a súa primeira onda de ampliación o 1 de xaneiro de 2024. Despois do cumio de Johannesburgo en agosto de 2023, cinco países uníronse formalmente ao grupo: Exipto, Etiopía, Irán, Arabia Saudita e os Emiratos Árabes Unidos. Arxentina, que fora inicialmente incorporado, renunciou coa chegada de Javier Milei á presidencia da Casa Rosada.

Durante o 2024 Rusia asumirá o mandato. O próximo cumio dos BRICS celebrarase en outubro na rexión rusa de Kazán. O 16º cumio verá unha nova afluencia de solicitudes de países que

se preparan para unirse aos BRICS este ano. O ministro indio de Asuntos Exteriores S. Jaishankar confirmou que máis de dúas ducias de países que ren unirse aos BRICS en 2024. As cifras do novo grupo falan por si soas, especificamente en relación á produción mundial de petróleo, 42%, e as reservas mundiais de gas natural, o 55%.

Rusia, como presidente do grupo durante o ano en curso, anunciou nas súas comunicacións que un dos seus obxectivos principais será a de poñer o acento nos sistemas de pagamento alternativos para as transaccións internacionais, primando as moedas distintas ao dólar. Ademais, o fortalecemento da cooperación na loita contra o terrorismo, o branqueo de capitais, a cuestión da seguridade internacional da información ou o afondamento do diálogo e a interacción entre os países membros nos ámbitos da cultura, o deporte e os intercambios xuvenís.

O obxectivo de Rusia de seguir a desgastar o poder do dólar non será sinxela pola propia natureza heteroxénea do grupo e as características da sociedade líquida internacional. Sen embargo os avances foron notables nos últimos anos, con exemplos como os acordos bilaterais asinados entre Rusia e China, utilizando o yuan e o rublo, ou entre Brasil e China, coas súas respectivas moedas. A desdolarización avanzou especificamente desde a pandemia e a Guerra da Ucraína, derramando os cambios globais que maduraban desde hai décadas. Desde 2015, o uso do dólar como reserva caeu nun 6%, segundo JP Morgan. **A desdolarización, sendo un signo dos nosos tempos non está exenta de paradoxas, xa que son moitos os analistas que informan que a propia China**

non estaría interesada en acelerar este proceso. En fin, o grupo aínda que cada vez máis influente na sociedade internacional, non está exento de tensións e problemas de difícil solución. Máis alá das distintas axendas nacionais nos ámbitos económicos, medioambientais ou tecnolóxicos, á hora de pensar en escenarios de cooperación ou conflito coas normas internacionais actuais, China e a India acostuman promover pactos enfocados desde as interdependencias económicas e o volume dos seus mercados, mentres que, probablemente, Rusia, aposta por estratexias máis asertivas de confrontación.

3.4. O Cumio do Futuro e a reforma de Nacións Unidas

En xaneiro do 2024, durante o o Terceiro Cumio do Sur en Kampala, Uganda, António Guterres, Secretario Xeral das Nacións Unidas, reuniuse cos líderes do G77 e nel apelou a que deben ser eles, os países emerxentes e en desenvolvemento, os que deben liderar os esforzos para reformar as institucións e marcos internacionais obsoletos. Os países membros do G77 representan o 80% da poboación do planeta.

Antonio Guterres foi máis lonxe e declarou «Aceptémolo: os que máis se benefician do actual sistema de goberno global é improbable que lideren a súa reforma. Por iso, o impulso ao cambio debe vir de vós», dixo aos dirixentes. «Pídlle que continúe estes esforzos».

Tanto o Cumio de Kampala como as declaracións de Guterres débense enmarcar no moi complexa e difusa gobernanza global das

distintas crises que o planeta atravesará. O retroceso na consecución dos 17 ODS da Axenda 2030, a incapacidade para deter as guerras e os conflitos armados ou o avance dos efectos da crise ecolóxica e enerxética, derraman as preocupacións das últimas décadas sobre as debilidades de Nacións Unidas. Xa en febreiro do 2024, durante a 54ª sesión plenaria da Asamblea Xeral Guterres centrou o foco “A paz é a nosa razón de ser. Non obstante, mentres miras a paisaxe do mundo actual, o que máis falta é a paz».

Todas esas preocupacións están por detrás do documento “Nosa axenda común”, presentado no 2021, en coincidencia co 75 aniversario da creación das NNUU. O documento, máis alá de activar potenciais mecanismos para acelerar a implementación dos ODS, pon luces longas, por medios de recomendacións para abordar as lagoas estratéxicas nos acordos de gobernanza global. Xa naquela altura o documento solicitaba un Cumio do Futuro para forxar un novo consenso mundial sobre solucións multilaterais aos problemas actuais e futuros. Xa no 2023 o secretario xeral da ONU, António Guterres, lanzou “Unha nova axenda para a paz”, un sumario de políticas centrado no futuro da cooperación multilateral en materia de seguridade.

Con estes condimentos o Cumio do Futuro que se celebrará o 22 e 23 de setembro proxéctase como a cita máis relevante do sistema das NNUU nos últimos anos. **Tanto o texto como o subtexto do Cumio pon sobre a mesa a necesidade de abrir conversas que abran a toma de decisións para unhas novas regras internacionais, que coïden as interdependencias planetarias, económicas, medioambientais, tecnolóxicas ou de seguridade.**

Criticado por moitos analistas por ter un discurso rimbombante e lonxe das expectativas reais, o Cumio terá como temas máis relevantes, por exemplo, a creación dunha Plataforma de emerxencia (pensando en situacións de caos global como a pandemia), o Pacto Dixital Global (da intelixencia artificial, a desinformación ou a ciberseguridade) ou a Plataforma polo Espazo exterior (abrindo ás portas a unha exploración espacial por parte das NNUU). Ademais o Concepto 2.0 da ONU, para redefinir e empoderar o papel das Nacións Unidas no futuro ou a definición dunha nova arquitectura financeira internacional son algúns dos temas que xeran máis expectativas.

A orde internacional xurdida despois da Segunda Guerra Mundial non pode soportar o desafío dos cambios actuais. **Aínda que dificilmente o Cumio consiga resultados sólidos, cómpre agradecerlle ao SX das NNUU, perfilar unha folla de ruta que apunte, desde o estado crítico do planeta, aos retos e as potenciais solucións dos mesmos.**

3.5. A Unión Europea entre a Guerra e a Paz

Desde que comezou o ano 2024 o ton dos dirixentes europeos contra Rusia non fixo máis que aumentar, tanto por medio de declaracións directas de líderes de institucións comunitarias como por parte de Presidentes nacionais, onde Macron colleu a portavocía máis agresiva, suxerindo unha participación directa no conflito por medio de envío de tropas terrestres francesas para defender Ucraína. A dialéctica é mutua e desde Rusia, sempre en liña coa súa doutrina histórica en

relacións internacionais, reforzan a súa asertividade.

Os motivos desta escalada de declaracións son moitos. Combinan a sensación xeneralizada dunha vitoria de Rusia en Ucraína como irremediable, coas necesidades dos líderes europeos no plano interno, así como coas propias eleccións europeas do mes de xuño ou a potencial vitoria de Donald Trump en novembro nos EEUU.

Alén do inmediato, a situación vai máis alá das fronteiras da UE. O contexto pre-eleitoral estadounidense agregado á Guerra en Gaza, decreceu o apoio económico estadounidense a Ucraína e isto resinte a Europa, nun novo episodio das relación tóxica cos EEUU. Aínda máis, e como exemplo da relación tóxica, unha potencial vitoria de Donald Trump, ameaza con rebentar a lúa de mel na OTAN no seus 75 aniversario. **Todas estas pezas enmarcan o inmediato e no medio prazo a subida de tensión europea con Rusia, polo que de maneira máis estrutural o problema da defensa europea é o problema da década para a UE.**

Non hai que esquecer o pasado. A traxectoria histórica deixa substancia alén dos acontecementos conxunturais. O Brexit (2016-2020) ou a retirada de Estados Unidos de Afganistán en xuño de 2021 sinalaron claramente a necesidade de que a UE tomase moi en serio o control da súa propia seguridade e defensa. Xa coa invasión da Ucraína e o novo concepto estratéxico da OTAN 2022 a cuestión dunha Unión Europea de defensa é inseparable da cuestión do marco de seguridade e defensa que ofrece o Alianza Atlántica, que aínda hoxe constitúe os alicerces da de-

fensa colectiva de Europa segundo o recollido nos Tratados.

A dependencia europea dos Estados Unidos en cuestións de seguridade afectan a moitas cuestións clave do mundo no que vivimos, como as súas posicións respecto a Rusia, China ou África así como as novas ameazas de seguridade non territorial (cibernética, dixital e climática). **Desta maneira, alén do coxuntural, as narrativas líquidas e cambiantes dos últimos anos (morte cerebral da OTAN, Macron 2019) e o imprevisible contexto inmediato, a decisión da Comisión Europea de marzo deste ano co seu plan para converter a Unión Europea nunha potencia industrial militar ten unha óptica de medio-longo prazo inescusable.** E que segundo os datos que derivan das propias análises da UE o panorama é inquietante, o 78% das compras de defensa realizadas polos Estados membros producíronse fóra da Unión, sendo o 63% destas importacións procedentes dos Estados Unidos. Ademais, só o 18% das adquisicións entre 2021 e 2022 foron compras conxuntas entre países europeos.

A propia natureza da UE como un proceso de integración supraestatal está no berce da propia proposta da Comisión, xa que directamente non ten competencias tradicionais en defensas. Por iso, empregar a grande competencia da UE, o mercado único e enmarcala no horizonte tan usado do 2030. As propostas máis coñecidas son: 1. Adquirir conxuntamente polo menos o 40% dos equipos de defensa para 2030. 2. Garantir que, para 2030, o valor do comercio de defensa dentro da UE represente polo menos o 35% do valor do mercado europeo de defensa. 3. Asegurar que, para 2030, o 50% do mate-

rial militar comprado se produza dentro da Unión, porcentaxe que debe aumentar ata o 60% en 2035.

A perspectiva é que durante o ano en curso, a UE continuará atrapada entre os seus fins fundacionais, paz e mercado, ata ver como queda o seu propio Parlamento e a Presidencia do seu máximo socio, os EEUU.

4.

Reflexións por áreas xeográficas 2023-2024

4.1. Balance da Presidencia Española da UE 2023: máis histórica ca mitigada, pero menos imprescindible do que se pensa.

Por Serafín Pazos

Como dixo Rubalcaba no seu día, en España entérrase moi ben, mais o que mellor sabe facer é recibir moi ben. 85 millóns de turistas ao ano aválanos. Cando as folgas estudantís de Chile levaron a trasladar o megacongreso que é o cumio do Clima de Santiago de Chile ao IFEMA de Madrid en apenas undas semanas, España acolleu a COP25 sen despeitarse. Así, o espectáculo musical-gastronómico para líderes europeos na Alhambra foi alcumado polos asistentes unha “Granada”, pois pouco saíu dalí sobre o futuro de Europa que era o obxecto da cimeira.

Agora ben, só os moi eurocafeteiros se lembrarán da ruta de cumios de Sibiu a Bratislava. A construción europea, se ben precisa de momentos crise (caso do plano de Recuperación co gallo da COVID-19) é un proceso iterativo e por decantación. Cada presidencia quere ter un cumio de Maastricht, Ioannina, Edimburgo, Gotemburgo, Roma do que lembrarse, xustificar o dispendio e presumir de “influencia internacional”. Non é o habitual no circo semestral ambulante que é a parte

informal das presidencias – desde o Tratado de Niza as cousas serias acórdanse en Bruxelas, outra mostra máis dos belgas para escamotear cousas para o seu beneficio-. Se de Bratislava saíu a Axenda Estratéxica 2019-2024 de Granada verase retrospectivamente súa contribución a axenda da UE post-2024, coa inestabilidade externa (Ucráina, China, EE.UU, Oriente Medio) e interna (Hungría sendo capaz de retrasar a revisión do orzamento da UE e os 50.000 millóns para Kiev).

“Prever é vencer”

Se ben as análises sobre o impacto mitigado da quinta Presidencia semestral son acaídos – elección sorpresa e interludio negociador dunha complicada investidura mediante-, non por iso deixan de pór as Presidencias actuais nun estándar que xa non se corresponde coa actualidade. A Presidencia, que comezou a formarse coa creación unha unidade especial en Moncloa xa no 2018, apóiase nos equipos negociadores de cada ministerio destacados na REPER española, engordados por funcionarios desprazados temporalmente e laborais contratados en Bruxelas para a ocasión, fixo o seu traballo máis que correctamente.

É o mesmo traballo ca calquera semestre, con moita máis responsabilidade pola expectativa política do ministro do ramo que preside a respectiva formación do Consello da UE, e a loxística de montar un programa de actividades a maiores das reunións e grupos de traballo no Consello. Non estamos xa nos 60 ou 70, e as prioridades de cada Presidencia non son máis cás que levar a bo termo o programa conxunto acordado con Comisión e Parlamento, tentando de meter temas na axenda e en priorizar algúns con interese particular -no caso español, Latinoamérica-.

O semestre español aproveitouse de ser unha “presidencia de ouro”, a última plena da lexislatura actual, ideal para forzar acordos, favorecida tamén pola febleza case terminal do Presidente do Consello (no seu censo literal, o seu único poder real é convocar e presidir as reunións do Consello Europeo é tocar a campaña, aínda que o seu papel sexa formalmente máis importante có Presidente do Goberno, por moito que o ministro se empeñe loxicamente en pór a axenda internacional de Sánchez coma “presidente da UE”, cargo inexistente, á altura da de Biden).

Fitos da Presidencia

Pecháronse así nada menos que 70 dossieres en total, un récord como mesmo reconece a oposición, tras 200 reunións negociadoras con Parlamento e Comisión. No resumo aportado pola propia Presidencia abundan deses tradicionais dossieres comunitarios de nome aburridísimo pero cruciais cruciais no día a día tal que a Directiva do Tratamento das Aguas Residuais Urbanas, ou envases e residuos de envases. Moitos deses acordos foron preparados por presidencias previas e e tiñan a presión do tempo antes de en marzo os eurodeputados se vaian de reelección e reconstitución ata novembro coa nova Comisión, presumiblemente Von der Leyen II nunca é doado chegar a acordos.

Nese eido, o coñecemento técnico e reputación persoal dunha Teresa Ribera foi fundamental acordar a “Lei” de Resturación da Natureza que ten ao campo europeo en pe de guerra, a reforma do mercado eléctrico europeo (que da certa continuidade á temporal “excepción ibérica”), o pioneiro a nivel mundial Regulamento de Intelixencia Artificial, o controvertido e adiado Pacto de Migración e Asilo, así coma reforma das regras fiscais da

UE estas da man da Vicepresidenta Calviño, antiga Directora Xeral de Orzamentos da Comisión, daquela Minisra de Economía e agora Presidenta do BEI.

Así a todo, España nin é tan grande como para impor a súa axenda nin é tan pequena coma para necesitar unha presidencia para avanzar os seus intereses. O histórico Plano de Recuperación debeuse en boa parte ao tándem Calviño-Sánchez. Tamén ser quen de sumar aliados inesperados, coma a proposta España-Países Baixos só meses despois da tensa disputa “frugais-porcós” sucesora da de “alcohol e mulleres”, un cambio máis que notable na era Sánchez. Por non falar da arriscada visita de premieres Hispano-Belga-presidencia de turno e a seguinte- a Israel e Rafah. Nembargantes, o principal límite á acción española é a súa división interna, lavando os trapos suxos en Bruxelas, coma a bochornosa petición de mediación á Comisión de PP e PSOE.

Que pinta Galicia en todo isto?

Ser sede de varios encontros -significativo o pouco impacto social do encontro de ministros de Finanzas de Calviño en Santiago comparado co moito menos importante Consello Informal de Educación do ministro Rajoy dúas décadas antes, síntoma dunha eurofilia en decadencia ou simplemente madurados 500 repartidos polo goberno minoritario pola xeografía peninsular. É de agradecer que alomenos pro-forma se lle preguntase ás Comunidades polas súas prioridades para a Presidencia (estas son as de Galicia). Infelizmente, escoitar non é *cogobernanza*. A pegada galega máis salientable foi puramente accidental, cando, pola carambola negociadora da investidura, o galego estivo fugazmente na axenda coma posible idioma oficial da UE, ao

mesmo nivel có español pero cunha presenza semellante ao gaélico. Do que nos quedará a impresión de ver brevemente a versión en galego na web de proba da Comisión Europea.

4.2. América Latina: seguridade e democracia. “Nin é o mesmo nin é igual”. Por Andrea Mila

Juan Luis Guerra, un dos cantantes latinoamericanos de máis prestixio, titulou en 1998 a un dos seus álbums máis vendidos: “Nin é o mesmo nin é igual”. Esta frase cobra forza no actual contexto latinoamericano, onde “democracia” e “seguridade” emerxen como conceptos que mostran, cada vez máis, un estreito vínculo.

Tal e como reflicte o calendario de 2024, América Latina iniciará un novo ciclo electoral nalgúns dos seus países, sendo especialmente relevante a celebración de eleccións no Salvador, debido aos altos niveis de aprobación do líder do Executivo, Nayib Bukele, tanto dentro como fóra do país. A importancia deste feito é que actualmente Bukele lidera o goberno da rexión con maior sinal securitaria, baseado no control e a violación sistemática de dereitos humanos⁽¹⁾, caracterizado por unha deriva autoritaria e denominada por algúns expertos como “modelo Bukele” ou “bukelismo”.

O paradoxal deste feito é que, actualmente, para a cidadanía latinoamericana a

noción de “democracia” parece estar a se vincular á percepción e á propia noción de “seguridade”. E isto afirmase segundo datos das principais enquisas da rexión —como, por exemplo, a última edición de Latinobarómetro 2023—, as cales evidencian que o grao de satisfacción dos cidadáns coa democracia, e a propia desafección con ela, gardan relación co manexo que fan os líderes políticos da seguridade⁽²⁾.

Esta hipótese refórzaa o Informe sobre Desenvolvemento Humano 2023/2024: “Saír do estancamento: reimaxinar a cooperación nun mundo polarizado” do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), que insiste no que denomina o “paradoxo da democracia”, isto é que, mentres 9 de cada 10 persoas apoian a democracia, ao mesmo tempo 1 de cada 2 persoas apoian a líderes que poden debilitala. Segundo este mesmo informe, a maioría da poboación en América Latina e o Caribe posúe unha noción positiva da democracia e dos líderes que a socavan.

Os datos antes mencionados preocupan porque, aínda que o Estado ten como unha das súas funcións principais garantir a seguridade dos seus cidadáns e cidadás, a actual percepción dos latinoamericanos está a orientarse a combinar estes dous conceptos e a non distinguir que, pola deriva do segundo, poden, en ocasións, ser mutuamente excluíntes. Tamén é relevante acoutar que, por parte dos líderes, esta idea transcende á ideoloxía, xa que as campañas electorais de varios paí-

(1) Como sinala Amnistía Internacional (2023), estas violacións dos dereitos humanos concréntanse en: detencións arbitrarias, torturas, malos tratos, violacións do debido proceso, desaparicións forzadas ou a morte de 132 persoas baixo custodia do Estado. Información dispoñible en: <https://www.amnesty.org/es/latest/news/2023/04/el-salvador-state-emergency-systematic-human-rights-violations/>

(2) Esta correlación compróbase no seguinte traballo publicado pola Fundación Carolina: Sanahuja, J.A. e Mila-Maldonado, A. (2024). A inseguridade cidadá e os riscos para a democracia en América Latina. Análise Carolina 5/24

ses -como é o caso de Ecuador-, o slogan de “man dura” -que evoca ao modelo Bukele- foi transversal aos discursos e debates dos distintos candidatos e candidatas.

Segundo os datos da Oficina de Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC, 2023), na actualidade América Latina e o Caribe concentra a 8 dos 10 países con maior taxa de homicidio de todo o mundo, sendo necesario que os países da rexión aposten por políticas de seguridade integrais que, ante todo, garantan os dereitos fundamentais das persoas. A isto súmase, en todo caso, unha leve mellora dos datos sociodemográficos, segundo as estatísticas de CEPAL recollidas no seu informe Panorama Social de América Latina e o Caribe 2023, con máis de 180 millóns de persoas que non posúen os recursos para cubrir as necesidades básicas e 70 millóns que non posúen ingresos para cubrir a canastra básica de alimentos. Como ben menciona este mesmo informe, isto sitúa á rexión nunha “trampa estrutural de baixo crecemento caracterizada por altos niveis de pobreza e desigualdade”, esta última non só económica, senón tamén en termos de fendas de xénero: existe unha maior taxa de participación laboral dos homes (74,5% para 2022) fronte ás mulleres (51,9%), e estas últimas cunha maior taxa de desocupación (8,6% fronte ao 5,8% dos homes).

Finalmente, ao facer referencia á seguridade, é inevitable mencionar a relación causal que se fixou coa inmigración. En América Latina chama a atención que líderes de distinta orientación ideolóxica incorporaron dentro dos seus discursos de campaña e goberno á migración, fixando unha clara relación coa inseguridade dos países que lideran. Destacan especialmente algúns dos gobernos

autodenominados como de esquerdas ou progresistas, que tamén incorporan nos seus discursos e políticas esa relación perniciosa entre seguridade e migración, como é o caso de Chile, país que combina a acción do goberno coa acción policial e o rexeitamento dun sector da cidadanía a certos colectivos e nacionalidades inmigrantes.

A seguridade seguirá sendo un tema prioritario nas axendas políticas latinoamericanas, e fronte á tentación que hoxe representa para moitos cidadáns da rexión ler este concepto aparelado ao propio concepto de democracia, é necesario tender pontes de investigación con América Latina e priorizar este tema como parte fundamental da cooperación. É necesario dar a debida atención á difusa liña que hoxe separa á democracia da seguridade e analizar, máis cedo que tarde, en que medida, -de forma inconsciente ou non-, a cidadanía é capaz de renunciar a unha por garantir a outra. E é que “nin é o mesmo, nin é igual”.

4.3. África reorientase ante os cambios globais.

Por Marcelo de los Reyes

En 1995 Mozambique, unha ex colonia portuguesa, foi o primeiro país sen lazos históricos co Reino Unido en adherir á Commonwealth⁽³⁾. En 2009 Ruanda tamén sumouse á Mancomunidade Británica e en xuño de 2022 fixeron o propio Gabón e Togo. Ningún destes catro países foi colonia britá-

(3) «Togo y Gabón admitidos en la organización». ANSA, 25/06/2022, https://ansabrasil.com.br/americalatina/noticia/ultimo_momento/2022/06/25/togo-y-gabon-admitidos-en-la-organizacion_a35951do-9c2a-45bc-b3ec-244cab37e2eb.html, [consulta: 03/09/2023].

nica. Se nos quedásemos con esa información poderíamos sospeitar que África estase inclinando cara o que se denomina o «mundo occidental» ou que o Reino Unido está tecendo as súas redes no continente, tendo en conta a habilidade británica para «tecer» ou para tirar a pedra e esconder a man. Pero esta tendencia parecería ser unha excepción.

A outra tendencia é a que nos amosa que en varios países producíronse unha serie de golpes de Estado desde 2020, en particular desde Guinea ata Sudán, país no que dúas faccións do exército disputáronse o poder.

A rexión do Sahel viuse convulsionada por golpes de Estado, os que se produciron en Chad —onde o presidente Mahamat Idriss Deby Itno asumiu o poder encabezando unha xunta militar en abril de 2021 tras a morte do seu pai, Idriss Deby Itno—, Guinea, onde se supón que a reacción debíase á grande corrupción que se observaba no país, mentres que os que tiveron lugar tanto en Malí —cuxo golpe tivo lugar en 2020— como en Burkina Faso —onde en setembro de 2022 foi destituído o presidente interino Paul-Henri Sandaogo Damiba— serían motivados pola crecente onda de violencia dos grupos yihadistas. Segundo fontes das Nacións Unidas, os factores que levaron á desestabilización en Burkina Faso serían a violencia interétnica, o conflito armado, a pobreza, as desigualdades, a inseguridade alimentaria e o cambio medioambiental⁽⁴⁾.

En Malí as forzas francesas foron substituídas polos mercenarios do grupo Wagner

pero en todos estes estados os golpes non favorecerían a estabilización da rexión senón que obrarían en sentido contrario. Cabe agregar que as tropas francesas tamén deberon retirarse da República Centroafricana logo dos golpes en Malí e Burkina Faso. O 15 de agosto de 2022 produciuse a retirada das tropas francesas que compoñían o último destacamento da forza «Barkhane» de Malí, o que levou a que o presidente Macron anunciara o 9 de novembro do mesmo ano o fin oficial desta operación antiyihadista no Sahel.

O 26 de xullo de 2023 un golpe de Estado en Níxer derrocou ao presidente Mohamed Bazoum. A súa propia garda sería a responsable de detelo no pazo presidencial sito na capital do país, en Niamey. Inmediatamente as novas autoridades comezaron a distanciarse de Francia e os manifestantes que apoiaron o golpe despregaron numerosas bandeiras rusas e expresaron o seu apoio ao grupo paramilitar ruso Wagner.

En Gabón o 30 de agosto de 2023 levouse a cabo un novo golpe de Estado —pois no do 7 de xaneiro de 2019 os militares fracasaron na tentativa— que foi anunciado a través da televisión, anulando os resultados das eleccións xerais celebradas o día 26 de agosto que levarían a Ali Bongo a asumir o seu terceiro mandato. O argumento dado polos golpistas é que as eleccións carecían de credibilidade⁽⁵⁾. Bongo obtería o 64,27% dos votos mentres que o seu principal rival, Albert Ondo Ossa, acadou o 30,77%. Ondo denunciara «fraudes orquestrados polo bando de Bongo» dúas

(4) «Burkina Faso». Alto Comisionado de las Naciones Unidas para los Refugiados (ACNUR), [https://www.acnur.org/pais/burkina-faso#:~:text=En%20Burkina%20Faso%20convergen%20crisis,alimentaria%20y%20el%20cambio%20medioambiental,\[consulta: 01/08/2023\].](https://www.acnur.org/pais/burkina-faso#:~:text=En%20Burkina%20Faso%20convergen%20crisis,alimentaria%20y%20el%20cambio%20medioambiental,[consulta: 01/08/2023].)

(5) «Golpe de Estado en Gabón sigue a tomas militares en excolonias francesas en África». France24, 30/08/2023, [https://www.france24.com/es/áfrica/20230830-golpe-de-estado-en-gabón-sigue-a-tomas-militares-en-excolonias-francesas-en-áfrica,\[consulta: 02/09/2023\].](https://www.france24.com/es/áfrica/20230830-golpe-de-estado-en-gabón-sigue-a-tomas-militares-en-excolonias-francesas-en-áfrica,[consulta: 02/09/2023].)

horas antes do peche da votación e chegou a adxudicarse o triunfo electoral. Cabe destacar que a elección celebrouse sen a presenza de observadores internacionais⁽⁶⁾. Non obstante, o golpe de Gabón, a diferenza dos outros, deixa abertas sospeitas de que o seu obxectivo é darlle continuidade ao réxime e garantir os investimentos de Francia no país.

Máis arriba referínme á Commonwealth, a institución que Londres creou para manter ás súas ex colonias dentro da súa esfera de influencia logo do proceso de descolonización. Francia, quizáis con menor sutileza, creou a Comunidade Financeira Africana, a cal mantén aos seus membros co franco CFA, o que implica que non houbo unha independencia real deses países xa que esa moeda é administrada polo goberno francés. Como se puido apreciar, varios países que foron colonias francesas comezaron a tomar distancia da súa ex metrópole e parecería que desexan afastarse aínda máis xa que agora propuxeron crear unha moeda única e abandonar o franco CFA, utilizado actualmente por oito países de África Central e Occidental. En novembro de 2023 os ministros de Finanzas de Malí, Burkina Faso e Níxer reuníronse en Bamako, a capital de Malí, para debatir acerca dunha futura unión económica e monetaria⁽⁷⁾.

Do mesmo xeito, en novembro, os ministros de Asuntos Exteriores da Alianza de Estados do Sahel (AES), Malí, Burkina Faso

e Níxer, —selada mediante o acordo foi difundido como a Carta Liptako-Gourma, asinado o 16 de setembro de 2023— reuníronse o 30 de novembro en Bamako para dar forma completa á coalición militar entre os tres países⁽⁸⁾. Os ministros reuníronse para dar á alianza unha dimensión política e diplomática. A AES naceu como un pacto de defensa entre ostres países co obxectivo de xuntar os seus recursos militares para loitar contra grupos rebeldes ou yihadistas pero tamén pretenderían fundar unha verdadeira unión económica e política para fortalecer os seus intercambios comerciais, realizar proxectos enerxéticos e industriais en forma conxunta e crear un banco de investimento e incluso unha liña aérea.

A todo isto debe agregarse que o 29 de decembro de 2023, África do Sur levou a Israel ante a Corte Internacional de Xustiza baixo a acusación da comisión de actos de xenocidio contra o pobo palestino de Gaza. Dada a gravidade da situación, debido a que o xenocidio está en curso, outorgóuselle un tratamento de urxencia e solicítaselle á Corte que adopte medidas para que Israel suspenda con carácter inmediato a ofensiva militar que está levando a cabo contra os palestinos. Cabe destacar que cando África do Sur estaba baixo o réxime do apartheid ambos países eran aliados, dado que os dous eran considerados —dalgunha maneira— como parias internacionais.

(6) «Nuevo golpe en África: militares toman el poder en Gabón». Deutsche Welle, 30/08/2023, <https://www.dw.com/es/nuevo-golpe-en-África-militares-toman-el-poder-en-gabón/a-66668204>, [consulta: 02/09/2023].

(7) «Ex-colónias francesas na África pretenden crear moeda única e abandonar o franco; é viável?». Sputnik Brasil, 09/02/2024, <https://sputniknewsbr.com.br/20240209/ex-colonias-francesas-na-africa-pretendem-criar-moeda-unica-e-abandonar-o-franco-e-viavel-3297289.html>, [consulta: 08/02/2024].

(8) «La reunión ministerial Mali-Níger-Burkina Faso en Bamako para institucionalizar la Alianza Sahel». Agenzia Nova, 30/11/2024, <https://www.agenzianova.com/es/news/la-reuni%C3%B3n-ministerial-Mali-N%C3%ADger-Burkina-Faso-en-Bamako-para-institucionalizar-la-alianza-Sahel/>, [consulta: 02/12/2023].

Os acelerados cambios aos que asistimos desde que Rusia emprendera a que denominou «Operación Militar Especial» sobre Ucraína en febreiro de 2022, a reacción da OTAN en apoio ao réxime do presidente Zelensky, a ofensiva de Israel sobre Gaza e tamén Cisjordania a partir das mortes perpetradas polo grupo Hamas en territorio israelí —sen que sorprendentemente as forzas israelíes reaccionaran, máis aínda tras a advertencia da Intelixencia de Exipto—, o posicionamento dos BRICS como un espazo económico de desenvolvemento que aspira a un mundo multipolar, serán razóns para que probablemente os países africanos se encamiñen cara a un distanciamento maior do «mundo occidental». A isto deberían engadirse as «predicións» que se están a facer en Alemaña dunha guerra con Rusia no curto prazo.

Sen dúbida, este ano 2024 traeranos moitas máis novidades inesperadas ou non contempladas que introducirán fortes cambios xeopolíticos e de poder tanto en rexións específicas como globalmente.

4.4. Taiwán: o escenario postelectoral.

Por Raquel Isamara León de la Rosa

Unha das latitudes que presenta gran complexidade con respecto ao seu status quo no sistema internacional é a illa de Taiwán. Os cambios políticos que ocorreron dentro e fóra deste territorio deron lugar á intensificación do triángulo conformado por Beijing, Taipéi e Washington.

Unha das características deste século son os movementos nacionalistas por todo o mundo, no que parece que as divisións polí-

ticas entre países, establecidas durante a segunda metade do século pasado, xa non funcionan.

Durante estes últimos dous anos o mundo observou conflitos reavivados e que persisten neste 2024, como é o caso de Ucraína e Palestina. No caso de Taiwán, foi comparado con estes dous países e utilizado como parte do discurso de choque entre os Estados Unidos e China. Porén, non implicara ata agora unha escalada no uso da forza por cada un dos bandos. Esta situación mergullouse nun ciclo continuo baseado no que Snyder denomina «dilema de seguridade».

Nos medios de comunicación, Taiwán volveuse un tema de controversia a partir da forma en que as accións políticas se capitalizan coa opinión pública e en como isto reafirma os valores de identidade de cada parte involucrada.

Como chegamos a este punto?

Na historia recente, a relación entre os Estados Unidos e Taiwán comezou a facerse visible e a entrar na súa última fase coa chegada de Joseph Biden ao goberno. Anteriormente, a tensión entre Beijing e Washington xa existira debido ao discurso de campaña e á política seguida por Donald Trump, que ían enfocados ás denuncias comerciais e á discriminación de todo o que fose chinés dentro do país americano.

Cos resultados das eleccións presidenciais dos Estados Unidos en 2020, a postura de Xi Jinping foi pedir «respecto mutuo» e «relacións saudables». Non obstante, Biden deu unha serie de declaracións ao respecto: «Instamos a Beijing a que cese a súa presión militar, diplomática e económica contra Taiwán e, pola contra, inicie un diálogo significativo cos representantes elixidos democrati-

camente de Taiwán. [...] O noso compromiso con Taiwán é sólido como unha rocha». Polo tanto, non foi bo o inicio entre estas dúas administracións. Cabe destacar que, durante a investidura presidencial de Biden, unha das invitadas foi Hsiao Bi-khim, quen daquela exercía como representante de Taiwán nos Estados Unidos.

Entón comezou unha serie de achegamentos, cada vez máis visibles ante a opinión pública, segundo a cal desde Washington se apoiaba o Taipei Act e que culminou coa visita de Nancy Pelosi á illa en 2022. Este tipo de diplomacia parlamentaria foi decisiva para que Beijing comezara a condenar estas actividades e a intensificar a súa posición militar no Estreito de Taiwán. Na relación entre Taipéi e Washington, isto abriu as portas para un maior apoio ao goberno de Tsai Ing-wen desde a clase política estadounidense, do cal son exemplos a visita da devandita presidenta aos Estados Unidos a principios de abril de 2022 e o protocolo de recepción por parte do líder da Cámara de Representantes, Kevin McCarthy. O ano 2022 deu un nutrido número de delegacións presentes en ambos os territorios, das cales unha das máis representativas foi a realizada polo entón vicepresidente Lai Ching-te en agosto.

Todas estas interaccións permitiron un recoñecemento mutuo pese á postura de Beijing. O *lobbying* levado a cabo neste exercicio tivo unha gran repercusión no proceso electoral, pois os cargos dese momento de Lai e Hsiao, a fórmula gañadora das eleccións taiwanesas, deron pé a un maior respaldo do proceso e da continuidade do Partido Democrático Progresista no poder da illa. Esta contenda electoral cobra gran relevancia para Taipéi no complexo escenario que presenta-

ba a política exterior de Beijing, agresiva e eficaz. Cabe lembrar que, durante os dous últimos anos, Xi vén poñendo énfase na reintegración de Taiwán por medio do concepto de «un país, dous sistemas» e puntualiza que isto pode suceder con ou sen o uso da forza.

Ademais, a especulación cun resultado pechado foi outro dos aspectos interesantes no proceso electoral taiwanés, pois a opinión se dividiu entre a continuidade prodemocracia ou unha alternancia similar á de Beijing. Esta especulación xerouse a partir da idea dunha posible coalición opositora entre o Kuomintang e o Partido Popular de Taiwán; con todo, a ruptura desta fronte opositora foi decisiva na última fase da carreira electoral para reafirmar o triunfo de Lai.

Baixo este contexto, a continuidade do Partido Democrático Progresista ofrece unha serie de posibilidades e é importante sinalar elementos que poden contribuír ou non a calquera escenario. Tal é o caso das recentes perdas de recoñecementos diplomáticos para Taipéi, Honduras e Nauru, que deixan ben clara a postura da diplomacia do cheque e o importante que é para China o impulso que recibe o discurso de liderado desde o sur global a través da comunidade de destino compartido. Por outra banda, a cooperación con Taiwán e a subministración militar no país víronse intensificadas, principalmente por parte dos Estados Unidos. Neste armamento taiwanés difundíuse a imaxe do primeiro submarino de fabricación nacional, que permite darlle visibilidade nos medios a como o goberno saínte potenciou a súa estratexia militar. Non debemos esquecer que estas últimas accións veñen suscitadas ante a actividade e o desprazamento aéreo e marítimo crecentes por parte do Exército de Liberación Popular.

De primeira man, a evolución cara a unha maior ou menor tensión no Estreito de Taiwán recae no presidente electo e na súa postura, é dicir, en como de radical poida ser a súa estratexia de goberno respecto a Beijing. Fóra da política, é interesante a interdependencia económica que desenvolveron a parte continental e a illa, unha situación que preocupa tanto á clase empresarial taiwanesa como ao propio Partido Comunista con respecto á subministración e manufactura de bens de alta tecnoloxía. No entanto, no que ao discurso se refire, a reafirmación dunha identidade taiwanesa apoiada polas urbes e polas novas xeracións constitúe un dos estandartes do movemento prodemocracia. Un dos retos que emulará o sistema de «checks and balances» será a maioría opositora no Yuan Lexislativo. Resúmese, polo tanto, nun goberno con liña directa con Washington, pero que conta cun poder lexislativo de postura máis conservadora e similar á de Beijing.

Dentro deste triángulo, non se poden deixar de lado as propias condicións de China e os Estados Unidos. Para a primeira, a repunta económica é prioritaria para poder avanzar noutras axendas, polo que una guerra na súa fronteira sería moi custosa e prexudicial para a imaxe que vén buscando proxectar ao exterior, a dun país orientado a unha nova dinámica global. Ademais de que este proceso deixou ver a popularidade de Donald Trump de cara a un segundo mandato, hoxe nos medios de comunicación fálase dun Biden enfermo ao que se lle pide dimitir non só da carreira electoral, senón tamén do seu posto. Polo tanto, pese a que existe unha postura de contención a China desde os dous partidos estadounidenses, a maneira en que cadaquén a executa é distinta. Cómpre lem-

brar que o lobbying exercido por Tsai, Lai e Hsiao foi principalmente sobre os demócratas, polo cal un regreso de Trump non significaría necesariamente unha continuidade da liña directa.

4.5. Os extremistas xa son o establishment. *Por Jared D. Larson*

Hai catro anos neste mesmo informe, escribín sobre a crecente sombra da democracia iliberal en dez países e o perigo mundial do retroceso democrático, exacerbados pola Pandemia. Como prefacio ao presente análise de ambos temas en Estados Unidos, cito, con pequenos matices, as miñas palabras do ano 2020: «As normas e as institucións democráticas existen para salvarnos dos políticos, tanto de dereitas como de esquerdas, que agora máis que nunca xa non teñen medo de usurpalas abertamente, erosionando a democracia liberal...»

«O [ex]presidente Trump é un populista que pasou por alto as normas tradicionais e as institucións estadounidenses. As súas amizades con homes fortes (Putin, Kim, Erdoğan) socavaron décadas da diplomacia estadounidense», e a reacción do Partido Republicano ao recente asasinato de Alexei Navalny e a súa reticencia no Congreso a continuar a abastecerlle armas a Ucraína só serven para subliñalo. Seguía, «pero o fenómeno trumpista non é o problema en si, senón un síntoma dos perigos dunha democracia descoidada. Trump é produto da debilidade do sistema partidario, da ambigüidade institucional e dun electorado farto do establishment». Catro anos despois, afondaría que o curtopracismo do Partido Republicano levoulle a pasar por alto

as institucións democráticas e, en gran parte grazas ao discurso de Trump, os seus seguidores o permiten. Se Trump gaña as eleccións presidenciais do próximo mes de novembro, o resultado podería implicar a fin do partido republicano como o coñecemos desde polo menos cinco décadas. Peor que iso, poría en perigo todo o sistema político de EE.UU.

Un compoñente indubidable do trumpismo foi un nivel astronómico de «desvergoñismo» (se se me permite o neoloxismo). Desde a súa relación coa prensa rosa nos 80 e os 90, á promoción do seu reality show «The Apprentice» (2004-2014), Trump vendeuse como a persoa máis intelixente, seguro de si mesmo e orgullosamente avaro. Nada cambiou cando se lanzou á política. Mentres tanto, como reacción ao fenómeno Clinton nos 90, o Partido Republicano foi por esas liñas tamén, e culminou no seu momento, 2015, nunha grande avaricia institucional, liderado polo Senador por Kentucky, Mitch McConnell, cando os republicanos romperon co costume, cuxas raíces se atopan na Constitución, en rexeitar e aceptar o nomeamento por parte do entón Presidente Obama de Merrick Garland, un centrista político, ao Tribunal Supremo cando morreu o xuíz conservador Antonin Scalia. Un pouco máis de catro anos despois, ante a posibilidade de que Trump perdera a reelección, o mesmo McConnell forzou a aprobación doutra xuíza conservadora, Amy Coney-Barrett, cando morreu a famosa progresista Ruth Bader Ginsberg. Pero como as normas sociais nunca se aplicaron a Trump, o seu partido rexeita a aplicación das constitucionais, sen vergoña.

Durante case 250 anos de historia, o poder xurídico en EE.UU. mantívose por enriba da refrega política. Pero agora, grazas a va-

rios escándalos que implican o suborno por parte de dous xuíces conservadores, Clarence Thomas e Samuel Alito, segundo as enquisas, o Tribunal Supremo sangra a súa lexitimidade ante a opinión pública. Para colmo, o xuíz Thomas rexeita recusarse de calquera caso que implique a Trump a pesar de que a esposa do xuíz apoiou abertamente a insurrección no Capitolio o 6 de xaneiro de 2021. Trump non é o responsable da caída moral do Supremo pero non hai ninguén que máis creara as condicións actuais polas cales contéplase o terceiro poder do goberno federal. De feito, xa é así con todos os tres. Para arranxar ese desvío, en 2024 e en adiante, nun sistema que descoñece un partido terceiro efectivo, necesítase un Partido Republicano capaz de superar o seu curtopracismo e a súa obsesión co poder.

Para concluir, volvo citar as miñas palabras de hai catro anos: «O problema do século XXI é que demasiados electorados acabaron votando a demagogas cuxo interese é manter o poder ou castigar aos seus rivais, non mellorar a vida dos seus constituíntes. É unha pendente esvaradiza que me fai cuestionar o modelo da democracia liberal... Se non eliximos ben, acaba danando á estrutura democrática desde dentro. Se a nova clase política populista non respecta as regras do xogo, sofre a sociedade civil». En EE.UU., un sistema firmemente bipartidista, cando un partido colapsa, a incerteza política pon en perigo de inmediato a integridade de todo o sistema mesmo.

Temo que este é exactamente o plan dos «novos extremistas republicanos», os que son máis populistas, máis anti-establishment e máis desvergoñados que Trump. Se o ex-presidente volve gañar este ano, ou non, os

novos extremistas vanse fartar do novo establishment trumpista, que son quen xa levan oficialmente a bandeira republicana. Quizáis co optimismo reservado dun politólogo, pero coa esperanza temperada como cidadán estadounidense, confiei nas institucións ata agora, despois duns oito anos de trumpismo. Pero ante a morte de Navalny, Trump comparouse co asasinado preso político ruso, alegando que o presidente Biden, cuxo Departamento de Xustiza ten dous xuízos penais pendentes contra Trump, é Putin na súa alegoría farsante. Mentres tanto, pediu a cabeza política da presidenta do partido, Comité Nacional Republicano, Ronna McDaniel, seleccionada a man por el mesmo en 2017, para substituíla coa súa propia nora, Lara Trump. Faise a vítima mentres consolida o seu control total sobre o Partido Republicano, para logo volver tomar as rendas do país enteiro,

cos tres poderes do goberno reconstruídos e un partido máis disposto a servirle a socavar a democracia estadounidense.

Como dicía ao inicio, Trump non é o único responsable da situación política actual en EE.UU. O comportamento do Partido Republicano desde hai décadas levounos ata aquí. Foi un golpe de conveniencia para ambos, e en cámara lenta. Hai oito anos, cando Trump só era candidato á nominación republicana á presidencia, eu pensaba que o partido tiña os anticorpos necesarios para acabar co trumpismo en pouco tempo. Agora penso que a febre vai acabar co partido, ante as esixencias dos novos extremistas. O novo establishment trumpista non saberá que facer con eles entre as súas filas, exactamente como o antigo establishment republicano, de Mitch McConnell, non soubo que facer co ascenso de Trump en 2015-2016.

5.

Reflexións transversais 2022-2023

5.1. Aspectos clave da economía mundial en 2024. *Por Diego Sande*

As tres preguntas máis recorrentes que nos formulan a aqueles que traballamos no ámbito económico e da xestión empresarial adoitan centrarse, non necesariamente por orde, nos seguintes aspectos: 1) A evolución esperable da economía; 2) As oportunidades de investimento; 3) O comportamento da bolsa e dos seus valores. É dicir, que procuran nos expertos na análise económica unha capacidade de vaticinio que habitualmente non é rigoroso ofrecer. A economía, como ciencia social, debería desconfiar de gurús preditores que, supostamente, achegan inmutables verdades económicas futuras. Polo contrario, as ciencias sociais, e polo tanto a economía, deben tratar de analizar a realidade en contextos de múltiples interdependencias entre axentes.

Con todo, a pesar da complexidade que esta tarefa supón, si é posible tratar de analizar algunhas das variables que interveñen nos procesos e, nalgúns casos, levar a cabo algunhas estimacións con certa marxe de erro. Con esta idea de fondo, o obxecto do presente texto é, máis que facer predicións, analizar algúns dos aspectos clave da economía e po-

lítica internacional que entrarán en xogo na evolución da economía mundial durante o ano 2024.

Durante 2024 é esperable, de inicio, que o proceso de recuperación económica pospandémica prosiga a súa consolidación. A inxente cantidade de recursos postos en circulación pola Reserva Federal norteamericana e o Banco Central Europeo está a surtir efecto como política económica expansiva. As previsións de crecemento dos países occidentais sitúanse, polo xeral, no espectro moderadamente positivo para o próximo ano. Iso sí, co proceso inflacionario aínda subxacente.

Por outra parte, en continentes como o asiático, a India, o país máis poboado do mundo, continúa tamén o seu crecemento baseado no sector servizos con taxas que superan o 5% anual. Caso aparte é o do xigante chinés. Cunha economía asentada na produción industrial, as taxas de crecemento do país semellan estancarse. Para este resultado, combínanse unha serie de factores. A volta ao proteccionismo iniciada polas principais economías anglosaxonas –o EE.UU. de Trump e o Reino Unido con Boris Johnson–, unida ao freo da produción derivado da caída do consumo froito da política de cero Covid-19, supuxeron un punto e aparte para que numerosos países comezasen a reconsiderar como obxectivo deseñable a súa reindustrialización. Esta cuestión non é trivial para unha economía asentada no sector secundario que se viña beneficiando da expansión internacional das cadeas de valor. Isto, unido aos problemas demográficos que aburan ao país –mimetizando en certa medida algúns dos trazos do envellecemento poboacional propio dos países máis desenvolvidos–, fai que as perspectivas de crecemento do país chinés non sexan, a priori, tan positivas

nos próximos anos como nas décadas anteriores. Non obstante, a extensión da influencia chinesa no ámbito internacional continúa. Ademais da forte presenza en África, o desenvolvemento das coñecidas como rutas da seda segue o seu curso.

Á vista destes datos, e a pesar da herdanza do século XX en forma de configuración mundial bipolar, o século XXI semella formularse máis en clave multipolar. Por este motivo, recentes movementos como a inclusión de novos países orientais como Emiratos Árabes Unidos (EAU) e Arabia Saudita no grupo dos BRICS non son casualidades sen importancia, e poden considerarse como unha estratexia fronte a predominio das economías occidentais. Pero agora os BRICS ampliados xa representan maior cantidade de PIB mundial que EEUU e os seus aliados europeos. Mais estes movementos clave e alianzas que afectan á economía mundial non poden considerarse illadamente doutros factores clave, como son os conflitos bélicos e a loita polos recursos, nomeadamente enerxéticos. Así, a guerra na Ucraína tivo como consecuencias evidentes a suba dos prezos en Europa no abastecemento da enerxía (e na alimentación). En 2023, aos conflitos xa abertos uníuselle o conflito en territorio Palestino. Israel asedia de novo aos seus veciños. A espiral de violencia xa involucra a outros países a nivel bélico e económico. Irán, Iemen, o Líbano son algúns dos países máis próximos que veñen de realizar movementos que afectan ao comercio mundial, ao tempo que se alentan os seus propios conflitos internos. Non cabe dúbida de que as eleccións rusas e israelís poderían marcar un punto aparte no devir destes conflitos.

Así, mentres Europa olla para a proximidade destes conflitos trata de centrar os seus

esforzos nunha ampliación moderada que permita redobrar a súa aposta pola innovación e as enerxías renovables, empregando para iso instrumentos como Next Generation EU (cuxa execución se estenderá ata 2026). Podería ser que, en ausencia doutros factores, sexa nos movementos xeoconómicos e xeopolíticos doutras latitudes onde se estea a configurar o escenario que marcará a economía mundial nos vindeiros anos.

Nese sentido, a política monetaria está chamada a ter un papel relevante. Cun mercado mundial asolagado polos dólares, os últimos acordos de países como Brasil, China ou Rusia para comerciar noutras moedas pretenden ofrecer unha alternativa á hexemonía norteamericana. Pero os EE.UU., líder económico mundial, oporá resistencia fronte aos seus competidores. Toda a resistencia posible. Quizais durante máis tempo do que moitos poidan pensar. E é que nunca unha alternancia de liderado económico global se produciu en ausencia de friccións. Mais volvendo ao caso da política monetaria europea, a suba dos tipos de xuro acadou o máximo histórico do 4,5% en 2023. Neste sentido, 2024 podería ser un ano no que se fose conseguindo certa moderación da inflación e dos prezos, incluso con leves baixadas dese máximo dos tipos.

Do punto de vista fiscal, podería ser tamén un exercicio clave para a ansiada harmonización fiscal europea. Non obstante, a proximidade das eleccións europeas non convida a pensar en grandes medidas a curto prazo. A nivel mundial, e tamén continental, outras tarefas permanecen pendentes. A finalización dos coñecidos como paraísos fiscais sería un obxectivo tan desexable coma utópico no curto prazo. A razón: non existen incen-

tivos nin desicentivos suficientes que permitan frear a evasión e o diñeiro negro.

Parece, polo tanto, que 2024 pode ser un ano no que a crecente complexidade das interrelacións entre os axentes internacionais marque a partida a xogar no gran taboleiro da economía mundial. Sen que isto sexa impedimento para que poidan aparecer novos acontecementos que alteren as regras de xogo. Agardemos que non en negativo...

5.2. Acelerar a acción climática nunha década crítica.

Por Xosé Veiras

No combate á crise climática estamos hai décadas instalados nun permanente “agora ou nunca”. Cómpre actuarmos “agora” para evitarmos un quecemento global agravado. Se a adopción en 1992 da Convención Marco da ONU sobre Cambio Climático tivese sido o comezo dunha vigorosa acción climática hoxe non estaríamos a tentar non exceder o límite de 1,5°C de aumento da temperatura media global con respecto á época preindustrial, senón outro ben inferior e menos prexudicial, pois cada décima de grao importa moito.

Todos os anos das últimas décadas foron decisivos para o futuro do clima pero 2023 e 2024 poden ser especiais. O veterano científico climático James Hansen afirmou en 2023: “cando os nosos fillos e netos ollaren para a historia do cambio climático, este ano e o próximo serán contemplados como o punto de inflexión no que a inacción dos gobernos ficou definitivamente ao descuberto”. Este agoiro cumprirase se non se intensificar a acción climática e se se confirmar que o cambio climático vai aínda máis rápido do agardado.

A máis relevante e urxente acción climática non é outra que o abandono rápido da enerxía fósil, a maior fonte de gases de efecto invernadoiro (71% das emisións totais en Galicia, sen irmos máis lonxe). Houbo que agardar a 2023 para que nun cumio climático da ONU, a COP 28 celebrada en Dubai, se enviase ao mundo un sinal débil mais claro sobre a necesidade de acabarmos coa queima de combustíbeis fósiles, incluíndo un chamado a “acelerar a acción nesta década crítica”, na que nos xogamos superar ou non o límite “seguro” dos 1,5°C.

A procrastinación da acción climática ten sido tal que hoxe é moi difícil, aínda que non imposible, mantérmonos abaixo do límite dos 1,5°C, a meta máis ambiciosa do Acordo de París. Para iso, as emisións mundiais de gases de invernadoiro deberían diminuír un 43% en 2030 con respecto a 2019. Porén, en 2023 continuaron a medrar, o que nos afastou aínda máis da meta, aínda que a traxectoria ascendente das emisións podería estar chegando ao fin. Semella factíbel atinxirmos o pico antes de 2025. A partir de aí terían que caer de forma rápida e continuada.

Non hai que ser pesimistas sobre a evolución da sociedade e a economía mundiais nos próximos anos para temer que o límite dos 1,5°C, xa demasiado próximo, acabará por ser superado. A Organización Meteorolóxica Mundial asegurou que a temperatura media do planeta en 2023 estivo 1,45°C por riba dos niveis preindustriais. As tendencias climáticas baséanse nos datos de decenios, non dun ano en particular, mais o acontecido en 2023 foi alarmante, e non só por ser o ano máis cálido endexamáis rexistrado, senón tamén considerando outros indicadores climáticos e a incidencia de eventos climáticos

extremos. En palabras de António Guterres, secretario xeral da ONU, “no ano 2023 vimos un mero anticipo do futuro catastrófico que nos agarda se non actuamos agora”.

Algúns científicos xa están a advertir sobre a necesidade de minimizar a magnitude e a duración da superación dos 1,5°C sen, por suposto, deixar de facer todo o que for viábel para a evitar. Habería que ir alén do obxectivo de emisións netas cero (emisións equivalentes ás absorcións pola natureza e por tecnoloxías de captura de carbono) para lograr o aínda mais difícil de emisións netas negativas, de forma que se retirase máis carbono da atmosfera do que é emitido e non apenas a mesma cantidade. Ao seren os grandes responsábeis da crise climática, os países (sobre)desenvolvidos terían que ser os primeiros en acadar emisións negativas e apoiar a mitigación climática nos países empobrecidos. Galicia debería asumir a parte que lle toca, diminuindo ao ritmo necesario as emisións propias e incrementando a axuda ao Sur global. Dous factores xogan ao noso favor: o importante potencial enerxético renovábel -excluída a biomasa sen captura e almacenamento de carbono, por ser emisora de CO₂, o principal gas de invernadoiro- e unhas condicións ambientais propicias para as plantacións forestais e os bosques, que actúan como potentes sumidoiros de CO₂. A concreción destas vantaxes debe ser moito máis coidadosa do que ten sido até hoxe, coa finalidade de evitar ou minimizar danos sobre a biodiversidade. Precisamente o declive desta é, xunto co cambio climático, o elemento máis preocupante da crise ecolóxica global.

O aumento da capacidade natural de absorción de CO₂ non pode ser escusa para atrasar a transición enerxética, sobre todo tendo

en conta que no futuro a propia crise climática pode facer que se reduza a absorción de CO₂ pola natureza. O abandono rápido e xusto dos combustíbeis fósiles é requisito indispensable para evitarmos os peores escenarios de cambio climático. Un imperativo aínda non plenamente asumido. Por exemplo, o Production Gap Report do Programa da ONU para o Ambiente conclúe que a extracción de carbón, petróleo e gas fósil (tamén chamado gas natural) planificada polos gobernos para 2030 máis que duplica en conxunto a que sería compatíbel coa limitación do quecemento a 1,5°C.

É probábel que as previsións dos países produtores non se cumpran, se ben en menor medida do que sería desexábel. A velocidade do desenvolvemento das enerxías renovábeis e da mellora da eficiencia enerxética, xunto coa evolución do PIB e a poboación, determinarán o consumo de enerxía fósil. O principal escenario enerxético de referencia para os gobernos compatíbel co Acordo de París, o Net Zero by 2050 da Axencia Internacional da Enerxía, sinala que, a escala mundial, cómpre duplicar o ritmo de mellora da eficiencia enerxética e triplicar a potencia renovábel entre 2022 e 2030. O compromiso (non vinculante) con estes obxectivos foi un dos resultados da COP28. Que se tornen realidade dependerá do que aconteza nos vindeiros anos en cada país. Por suposto, tamén en Galicia, onde é preciso acelerar unha transición enerxética que, coa excepción do peche das centrais térmicas de carbón, pouco avanzou desde 2010.

5.3. O dereito á alimentación: escasez de xustiza, claves do 2023 e proxección para 2024.

Por Alberto Trillo

Quen ousaría negar ou discutir o dereito á alimentación⁽⁹⁾? Semella unha noción intrínseca ao dereito á vida, mais segue sen cumprirse. Segundo os datos oficiais do último informe anual da ONU de 2023 sobre o Estado de Inseguridade Alimentaria (coñecido como SOFI), ata 783 millóns de persoas, preto de unha de cada dez, pasaron fame en 2022 en todo o mundo.

É dicir: que se alimentaron dun xeito insuficiente para poder levar unha vida normal, activa e saudable; que, durante períodos prolongados, non souberon cal, nin cando, sería a súa próxima comida.

Máis grave aínda é a tendencia negativa desde o 2020, que quebrou dúas décadas de progreso notable. Malia algunha leve mellora rexional en Asia e Sudamérica no último ano, a prevalencia da subnutrición subiu do 7,9% ao 9,2% desde 2019, sumando 122 millóns de persoas. As zonas rurais (33%) seguen sufrindo a inseguridade alimentaria⁽¹⁰⁾ en maior medida que as cidades (26%). O paradoxo máis perverso é que os medios de vida da

(9) “O dereito á alimentación é un dereito inclusivo. Non é simplemente o dereito a unha ración mínima de calorías, proteínas e outros nutrientes específicos. É o dereito a todos os elementos nutritivos que unha persoa que precisa para vivir unha vida activa e saudable, e aos medios que permitan o acceso aos mesmos”.

(10) A inseguridade alimentaria é un termo máis amplo que a fame. Abrangue unha escala de grises que van desde a falta de acceso constante a comida, cualificada como inseguridade alimentaria moderada, até a inseguridade alimentaria severa, que corresponde coa descrición da fame feita no segundo parágrafo do texto. A clasificación IPC desglosa as distintas fases e características, desde mínima a catastrófica (condicións de fame ou gran fame).

maioría (70%) dos que pasan fame dependen directamente do sector agrícola.

O dereito á alimentación fracasa tamén porque catro de cada dez persoas, máis de 3.000 millóns de persoas en todo o mundo, non poden permitirse unha dieta saudable, coas consecuencias físicas e mentais que supón, de xeito especial na crianza.

O SOFI destaca as mesmas causas de anos precedentes: o aumento de conflitos e guerras, as crises económicas (entre elas, as consecuencias da pandemia de COVID-19), a intensificación dos efectos da crise climática sobre a variabilidade climática e eventos extremos; todas elas combinadas coa desigualdade e a consecuente inaccesibilidade aos alimentos saudables. Os factores agrávanse uns aos outros.

Aínda que poida semellar contrario ao sentido común, a produción agrícola, a escaseza material, non é a clave do fracaso do dereito á alimentación. A escaseza de xustiza na distribución e ao acceso é a razón principal que impide cumprir co dereito á alimentación... porque hai comida para todos. Estímase que hai alimentos para uns 10.000 millóns, a repartir entre máis de 8.000 millóns de seres humanos. De feito, entre 1960 e 2016, a produción calórica mundial incrementou en 217% mentres que a poboación medrou nun 142%. Non obstante, cumprir co dereito á alimentación vai máis aló dun satisfacer un saldo calórico; por iso mesmo, sen vontade política nunca se realizará.

Non entramos neste artigo na perda de alimentos desde a colleita ata o consumo (14% do total), así como o desperdicio por parte do consumidor (17%), nin tampouco en cómo as dietas inflúen no reparto.

2023: Consenso no novo foco

En 2023, a comunidade internacional, liderada pola ONU, profundou no enfoque de sistemas alimentarios, que supera o tradicional énfase sobre o incremento da produción agrícola e a produtividade. O foco vense ampliando aos sistemas agroalimentarios que abranguen toda a cadea alimentaria. Desde qué se produce e cómo se produce, ata o consumo de alimentos, pasando polo seu procesamento, almacenamento ou transporte. Tamén inclúen calquera aspecto ambiental. Trátase dunha visión de conxunto que pretende acompañar esforzos coa acción climática. Os sistemas alimentarios son responsables dun terzo das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), dun 80% da perda de biodiversidade, e dun 70% do consumo de auga; e polo tanto son elemento fundamental na solución.

Tras o segundo cumio de Sistemas Alimentarios celebrado en xullo (UNFSS+2), a FAO publicou en decembro un informe sobre o verdadeiro custo dos alimentos para transformar os sistemas alimentarios, para que sexan resilientes, inclusivos e equitativos. O informe salienta a necesidade de pór prezo a cada un dos factores, especialmente os medio ambientais; e estima que os custos ocultos dos sistemas agroalimentarios atinxen os 10 billóns de dólares, equivalentes a case un terzo do valor engadido da produción agrícola. Os custos, por exemplo, refírense aos problemas de saúde relacionados coas dietas non saudables que, ademais, rebaixan a produtividade laboral, sobre todo en países de renda media e alta. Os custos medio ambientais representan un 20%. Eses custos ocultos supoñen unha carga maior nos países pobres (27% do seu PIB).

A outra cara da moeda son as oportunidades. Segundo o recente informe Global Policy Report: The Economics of the Food System Transformation, transformar os sistemas alimentarios traería un beneficio económico de 5 billóns de dólares ademais de se convertiren nun sumidoiro neto de carbono. Como vén insistindo o FIDA, o custo da inacción e moito maior có de poñerse mans á obra: financiar a transformación custa o equivalente ao 0,5% do PIB mundial. Mais os sistemas alimentarios seguen quedando atrás en financiamento. Os fondos do clima medraron no seu conxunto entre 3 e 4 veces máis cóos fondos específicos para os sistemas agroalimentarios. Unha vez máis, é unha cuestión de vontade política.

Por outra banda, este enfoque holístico para realizar o dereito á alimentación, que goza dun forte consenso internacional, enfróntase contra un tsunami de intereses nacionais e privados, nun contexto de descenso xeralizado do financiamento público. Como se vén sinalando nas últimas edicións do SOFI, só poderemos rematar coa fame, inseguridade alimentaria e malnutrición se fortalecemos a resiliencia aos principais factores e causas citadas anteriormente, namentres abordamos as desigualdades para lograr que as dietas saudables sexan accesibles para todos. Engadiría: co compromiso, colaboración e participación activa do sector privado —outro factor con grande marxe de mellora— e coa redirección do apoio público cara o incremento de dispoñibilidade de alimentos nutritivos.

2024: Incerteza e volatilidade

O Foro Global de Alimentación e Agricultura celebrado en xaneiro en Berlín devolveu o dereito á alimentación, como formulación

expresa, á primeira plana no comunicado final da 16ª Conferencia de Ministros de Agricultura, ligado á transformación dos sistemas alimentarios e reforzou o consenso de 2023.

E ata aquí, a análise; agora, a realidade. De onde sae o financiamento? Ou quen lidera a transformación... nun taboleiro xeopolítico axitado que semella dirimir un delicado cambio de orde mundial (que trata de evitar unha gran guerra)? Ao igual que na Guerra Fría, os peóns das grandes potencias móvense lonxe dos seus territorios, principalmente en África e Oriente Próximo e Oriente Medio. Todo iso acontece mentres os científicos non deixa de soar as sirenas ante unha situación, a crise climática, que pon en xaque o estilo de vida humano (ou occidental) baseado no consumo e no crecemento ilimitado (nun mundo de recursos finitos). A maior parte dos prognósticos da ciencia seguen a cumprirse e mesmo a quedárense curtos, mais o ser humano, ou o capitalismo, semella non ter a visión de futuro necesaria para chegar a acordos globais, e abordar en conxunto os retos que transcenden os intereses particulares ou nacionais.

Neste contexto xeopolítico volátil e tenso, priorizar o dereito á alimentación sobre a crecente necesidade de axuda humanitaria (Gaza, países do Sahel, Somalia, Sudán, Sudán do Sur, Yemen... só por citar as crises máis agudas) semella unha utopía, mesmo sabendo que os beneficios compensan amplamente o custo de abordalo. Quizais talvez esa dicotomía sexa o maior erro. A axuda humanitaria non debería lastrar os investimentos de longo prazo. Infelizmente, a realidade cotiá é que os fondos saen da mesma hucha. Non falemos xa de xustiza.

5.4. A cultura, o desenvolvemento sustentábel e o cambio climático.

Por Christoph Schreinmoser

A finais de setembro de 2022 reuníronse na Cidade de México delegacións de 150 Estados para debater sobre a cultura no marco do desenvolvemento sustentábel. Esta Conferencia Mundial da UNESCO sobre Políticas Culturais e Desenvolvemento Sustentábel ou MONDIACULT 2022 —que continúa o legado doutras conferencias antecesoras como a primeira MONDIACULT 1982 ou a Conferencia Intergubernamental sobre Políticas Culturais para o Desenvolvemento 1998— culminou na adopción, por unanimidade, dunha Declaración Final⁽¹¹⁾ que, non sen razón, foi cualificada de histórica. Nesta Declaración Final os ministros e as ministras de cultura reunidos, entre outras cousas, recoñecen a cultura como “un ben público mundial cun valor intrínseco para facilitar e impulsar o desenvolvemento sustentábel”. Un ben público mundial que, como instan ao Secretario Xeral das Nacións Unidas, debe ser integrado como un obxectivo específico na axenda para o desenvolvemento para alén do 2030.

Este recoñecemento e chamamento á acción por parte dos Estados membros da UNESCO chega nun momento crucial. Como sinala a propia Declaración, en todo mundo, o sector cultural enfróntase a numerosos desafíos, entre outros, os conflitos armados, as pandemias como a Covid-19, o retroceso dos dereitos fundamentais e, quizais o máis

(11) UNESCO, Conferencia Mundial da UNESCO sobre Políticas Culturais e Desenvolvemento Sustentábel – MONDIACULT 2022, Declaración Final, MONDIACULT-2022/CPD/6, dispoñíbel en: https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000382887_por.

importante, o cambio climático antropoxénico. Mentres entramos na “era da ebulición global”⁽¹²⁾, faise cada vez máis visíbel que a crise climática está tendo repercusións de grande alcance e, moitas veces, irreversíbeis no tecido cultural das nosas sociedades. Velá soamente dous datos: dependendo das futuras emisións, de aquí ao 2050, o número de sitios africanos do Patrimonio Mundial expostos á subida do nivel do mar podería máis que triplicarse⁽¹³⁾. Asemade, o cambio climático está acelerando a perda da diversidade lingüística, xa que moitas das arredor de 600 linguas en perigo crítico de extinción se atopan nalgúns das áreas máis expostas aos seus impactos⁽¹⁴⁾. Basta con estes dous exemplos (de miles) para ver que a crise climática ten unha marcada dimensión cultural.

Emporiso, a cultura está sinaladamente ausente en moitas das propostas para facerlle fronte e lograr un desenvolvemento sustentábel. A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentábel, por exemplo, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en 2015, aínda que menciona puntualmente o patri-

monio cultural, queda corta á hora de recoñecer a cultura como unha das dimensións do desenvolvemento sostíbel. No contexto europeo, xa sexa no marco do Pacto Verde Europeo da Unión Europea ou das políticas nacionais dos Estados membros, o panorama resulta igualmente sombrío⁽¹⁵⁾. Esta falta de consideracións culturais nas estratexias de desenvolvemento e acción climática é preocupante por unha dobre razón.

Por unha banda, existe o risco que as medidas encarreiradas a transformar as nosas economías e sociedades cara a sostibilidade acaben prexudicando aínda máis o noso patrimonio e vulnerando os dereitos culturais das comunidades portadoras. Así, o caso da construción do maior parque eólico terrestre de Europa en terras utilizadas polo pobo saami para a súa tradicional cría de renos —estimada pola Corte Suprema de Noruega como unha violación do dereito do pobo indíxena á súa propia cultura⁽¹⁶⁾— presenta un exemplo paradigmático de como un modelo neoliberal da transición verde, no que priman os intereses económicos sobre os culturais, ameaza á diversidade cultural. Preocupacións que, dende logo, non resultan alleos ao contexto galego⁽¹⁷⁾. Tales violacións dos dereitos cultu-

(12) NACIÓNS UNIDAS, “El mes de julio más caluroso de la historia indica que ya estamos en la era del horno global”, 27 de xullo de 2023, dispoñíbel en: <https://news.un.org/es/story/2023/07/1523012>.

(13) VOUSDOKAS, M. I., CLARKE, J., RANASINGHE, R., REIMANN, L., KHALAF, N., DUONG, M. T., OUWENEEL, B., SABOUR, S., ILES, C. E., TRISOS, C. H., FEYEN, L., MENTASCHI, L. e SIMPSON, N. P., “African heritage sites threatened as sea-level rise accelerates”, *Nature Climate Change* 12, 2022, 256-262.

(14) Véxanse FOLTZ, A., “How climate change is killing languages”, *Eco-Business*, 14 de agosto de 2023, dispoñíbel en: <https://www.eco-business.com/opinion/how-climate-change-is-killing-languages/>; MCVEIGH, K., “Lost for words: fears of ‘catastrophic’ language loss due to rising seas”, *The Guardian*, 16 de xaneiro de 2023, dispoñíbel en: <https://www.theguardian.com/environment/2023/jan/16/linguists-language-culture-loss-end-of-century-sea-levels-rise>.

(15) Véxase COMISIÓN EUROPEA, DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, XUVENTUDE, DEPORTE E CULTURA, *Strengthening cultural heritage resilience for climate change : where the European Green Deal meets cultural heritage*, Oficina de Publicacións da Unión Europea, 2022, 5-9

(16) CORTE SUPREMA DE NORUEGA, HR-2021-1975-S, (case no. 20-143891SIV-HRET), (case no. 20-143892SIV-HRET) and (case no. 20-143893SIV-HRET), Sentenza de 11 de outubro de 2021.

(17) Véxase AMOEDO-SOUTO, C.-A., “O impacto dos proxectos eólicos sobre o patrimonio cultural galego: un estado da cuestión”, 2021, dispoñíbel en: <https://observatorio.eolico.webs.uvigo.es/wp-content/uploads/2021/08/Protecci%C3%B3n-do-patrimonio->

rais en nome do desenvolvemento “sostíbel” non son, por desgraza, casos illados, como mostra claramente un informe da Relatora Especial da ONU na esfera dos dereitos culturais de 2022⁽¹⁸⁾.

Pola outra banda, a non consideración da cultura tamén pasa por alto o papel que esta pode, e debe, desempeñar na mitigación e adaptación do cambio climático. A cultura e o patrimonio constitúen fontes valiosas de coñecementos, técnicas e creatividade para afrontar este reto definitorio da nosa época. Os coñecementos tradicionais (CT) dos pobos indíxenas —tantas veces ignorados e denigrados—, en particular, están repletos de boas prácticas para modos de vida sustentábeis⁽¹⁹⁾. Mais tamén alén do contexto indíxena, a cultura é un facilitador e impulsor do desenvolvemento sostíbel, á par que unha parte inherente do mesmo⁽²⁰⁾.

Con este fondo, a Declaración Final de MONDIALCULT supuxo un paso importante ao recoñecer o papel e a transcendencia da cultura no desenvolvemento sustentábel e a acción polo clima. Mais o recoñecemento debe ir seguido dunha actuación correspondente. Neste sentido, no 2023 producíronse varios acontecementos significativos. Así, en novembro, a Rede do Patrimonio Climático lanzou un chamamento á acción, apoiado

[cultural-e-parques-e-%C3%B3licos-Carlos-Amoedo-UDC-xullo-2021-1.pdf](#).

(18) NACIÓN UNIDAS, ASEMBLEA XERAL, Desarrollo y derechos culturales: los principios, A/77/290, 15 de agosto de 2022, 17-23, dispoñíbel en: <https://undocs.org/A/77/290>.

(19) REGUART SEGARRA, N., “El papel decisivo de los pueblos indígenas en la mitigación y adaptación al cambio climático: evolución y retos pendientes”, AFDUAM 26, 2022, 183-214.

(20) NACIÓN UNIDAS, ASEMBLEA XERAL, op. cit.

por un amplo abano de ONGs, particulares e institucións públicas, aos Estados partes da Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC) para que adopten unha Decisión de Traballo Conxunta sobre cultura e acción polo clima na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (COP)⁽²¹⁾. Deste modo iniciárase un proceso consultivo sobre as interseccións entre cultura e cambio climático, co obxectivo de propoñer recomendacións específicas sobre a cuestión para a súa adopción por unha futura COP, posibelmente en 2025. A chamada á acción foi respondida durante a COP28 do ano pasado co lanzamento dun Grupo de Amigos da Acción Climática Baseada na Cultura, integrado por máis de trinta Estados membros da ONU e liderado polo Brasil e os Emiratos Árabes Unidos. O obxectivo desta coalición internacional é reforzar o impulso político para apoiar os propósitos da Rede do Patrimonio Climático e abrir unha vía de integración da cultura na acción climática no futuro⁽²²⁾.

En definitiva, nestes últimos anos déronse pasos importantes a nivel internacional para recoñecer a importancia da cultura no contexto do desenvolvemento sustentábel e a acción polo clima. Isto é fundamental para garantir que a necesaria transformación das nosas economías e sociedades sexa sostíbel en todas as dimensións: medioambiental,

(21) REDE DO PATRIMONIO CLIMÁTICO, Chamada Global para colocar o Patrimonio Cultural, as Artes e os Sectores Creativos no corazón da Acción Climática, 2023, dispoñíbel en: <https://www.climateheritage.org/jwd>.

(22) GRUPO DE AMIGOS DA ACCIÓN CLIMÁTICA BASEADA NA CULTURA, Emirates Declaration on Cultural-based Climate Action, 2023, dispoñíbel en: https://drive.google.com/file/d/1NaQKtEjz9NjIssD2P9VqJf4M_T2df72V/view.

económica, social, pero tamén cultural. O importante agora, para o 2024 e máis alá, é consolidar este progreso e integrar a cultura, o patrimonio e os dereitos culturais de maneira exhaustiva nas políticas climáticas e de desenvolvemento, tanto a escala internacional como nacional e rexional. A este respecto, aínda queda moito por facer.

5.5. A diplomacia deportiva: Das turbulencias no 2023 aos Xogos Olímpicos de París 2024.

Por Marta Álvarez

Un 2023 sen os coñecidos mega-eventos deportivos non significou, en absoluto, baleiro de diplomacia deportiva. Para os deportistas, o ano preolímpico serve para lograr clasificacións e postos nos rankings cara aos Xogos. Paralelamente, os países empregaron a diplomacia deportiva para definir posicións nun contexto internacional convulso, como se estivesen, en certa forma, escalando postos nunha clasificación segundo o seu poder, seleccionando os seus equipos ou definindo os seus rivais. Nesa escalada de postos ficticia baseada en lexitimidade e influencia internacional, atopamos un ano máis o crecemento e diversificación das estratexias de sportwashing que están a levar os países do Golfo Pérsico. Porén, o abandono da Liga Saudita e as críticas por parte dalgunhas das estrelas recentemente fichadas para mellorar a súa imaxe, sumado ao fracaso na organización neste país da final da “Súper Copa de Turquía” por motivos políticos, deixan ver un posible declive da súa estratexia.

Pola outra banda, foron moitos os exemplos do emprego de encontros deportivos

para reforzar posicións xa definidas. Un ano hostil como foi o pasado 2023 serviu polo tanto, na maioría de casos, para destacar animadversións entre países con relacións totalmente estragadas, como sucedeu entre Marrocos e Alxeria, cando a negativa deste último a abrir o espazo aéreo aos seus veciños lles impediu participar no Campionato Africano de Nacións.

Tamén vimos perigar as recentemente restablecidas relacións bilaterais entre Irán e Arabia Saudí no primeiro encontro permitido entre equipos de ambos os países na Champions Asiática, onde un conxunto saudí retirouse do partido pola presenza dun busto en honra ao líder militar Soleimani.

Paralelamente este tipo de contendas fixeron elevar as tensións no conflito entre Armenia e Acerbaixán, meses antes da última ofensiva azarí no Nagorno-Karabaj, ca queima dunha bandeira de dito país no Campionato de Europa de Halterofilia en Iereván.

Neste sentido vale subliñar como serviu a diplomacia deportiva para marcar as posturas de países e organizacións respecto aos territorios en conflitos armados, permitindo ou non a súa participación neste tipo de eventos, co claro exemplo das excepcionais sancións a Rusia e Belarús. Tras a negativa á súa participación nos Xogos Europeos por parte dos comités organizadores, o Consello Olímpico de Asia mostrou un apoio simbólico ao goberno de Putin ao abrir a porta a ambos países no seu homólogo continental, finalmente impedida polo COI alegando motivos técnicos. Estes Xogos Asiáticos celebrados na China deixáronnos un claro exemplo de “diplomacia do pingpong” ao acoller a primeira visita oficial en décadas do presidente Sirio Bashar al-Ásad ao xigante asiático, que culminou co

establecemento da “asociación estratéxica Siria-China”. Non só isto, senón que aproveitando o foco mediático que supoñen este tipo de celebracións, China utilizou o evento realizado no polo tecnolóxico da cidade de Hangzhou para mostrar ao mundo o seu potencial no sector.

Mais se falamos dos efectos do protagonismo nos medios, non podemos pasar por alto o Mundial de Fútbol Feminino de Australia e Nova Zelandia – destacando ademais a nova tendencia á organización de eventos de forma conxunta por dous ou máis países – co famoso bico sen consentimento do presidente da Federación Española de Fútbol á xogadora Jennifer Hermoso. Este acto aca parou as portadas dos medios internacionais máis importantes, prexudicando a imaxe dunha “Marca España” cunha forte influencia no deporte. Porén, os apoios mostrados por figuras públicas e cidadás de todo o mundo puxeron de relevo o poder do deporte como catalizador de reivindicacións sociais, neste caso feministas.

Non é o único caso no que vemos o deporte como altofalante, atopando no conflito na Franxa de Gaza o seu máximo expoñente, mediante reivindicacións e os primeiros boicots por parte dos deportistas e, sobre todo, das bancadas. Pese ás prohibicións establecidas, afeccionados de numerosos lugares e disciplinas amosaron bandeiras e cantigas a favor de Palestina, como símbolo de protesta ca escalada de violencia Israelí e das posicións adoptadas polos gobernos mundiais.

O Xogos Olímpicos de París 2024

O inicio de 2024 está a ser convulso a nivel xeopolítico, e da mesma forma, intenso a nivel deportivo. Isto fai agardar un ano cargado de diplomacia deportiva, que terá o

seu maior expoñente na XXXIII edición dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de verán na cidade de París, deixándonos varios puntos clave a seguir de preto.

En primeiro lugar, será de interese cales son os países participantes no evento, tras a exclusión de Rusia e Belarús, e as ameazas de boicot por parte da Ucraína de se permitir a participación de atletas rusos baixo bandeira neutral; que consecuencias suporá isto nas relacións internacionais, e que alternativas de Rusia, que xa propuxo a creación dos Xogos Mundiais da Amizade tras os Olímpicos, así como os Xogos dos BRICS ou os da Organización de Cooperación de Shanghai, en reforzo das súas alianzas estratéxicas.

Do mesmo xeito será crucial o desenvolvemento da cita olímpica. O novo contexto internacional propón a París 2024 o difícil reto de reunir máis de 200 Comités Nacionais -non necesariamente estados- entre os que se atopan países en guerra e os seus aliados, ou territorios que non se recoñecen entre eles. Isto establece problemas arredor dos encontros ou boicots entre os representantes políticos de ditos lugares, as probabilidades matemáticas de que se atopen como adversarios nos terreos de xogo, así como posibles respostas masivas dos afeccionados e dos cidadáns de París, cos problemas que isto pode canlear para as relacións diplomáticas de Francia. Non podemos esquecer tampouco que esta situación complica aínda máis o reto da seguridade no gran evento, cos atentados de Múnic 72´ máis frescos que nunca na memoria.

Por último, e probablemente máis importante, os Xogos poden definir o devir e poder real da diplomacia deportiva, xa que teremos todos os focos e as esperanzas pos-

tas na Tregua Olímpica, que xa foi aprobada pola ONU para esta edición que comeza. Con todo, o aumento dos conflitos e as sucesivas negativas ao alto ao lume mostradas, fan que cada día semelle máis difícil, e propón dous escenarios: un triunfo da ferramenta pacifista reafirmando a súa lexitimidade internacional histórica, ou o seu estrepitoso fracaso, relegándoa a un mero acto simbólico.

6.

As personaxes do ano

6.1. Prigozhin



Yevgueni Víktorovich Prigozhin naceu en Leningrado (San Petersburgo) no 1961, polo que morreu aos 62 anos. Alcumado «o chef de Putin», sobrenome adxudicado presuntamente por Alekséi Navalni (1976–2024), a súa moi versátil biografía está chea de episodios significados e apaixonantes, sempre cunha habilidade especial para os negocios. A súa primeira vida acabará na cadea despois de proxectar a súa enerxía entre roubos a man armada (1979) e fraudes e mercados ilegais (1981-1990). Será trala súa posta en liberdade cando comece a despuntar a súa carreira empresarial, xa na hostalaría, na enerxía, ou desde o 2014, coa fundación do Grupo Wagner (grupo paramilitar asociado ao goberno ruso cun grande renome, especialmente coa súas actuacións na Guerra de Siria e en distintas intervencións en África, así como nos primeiros meses da invasión da Ucraína). Precisamente como Presidente do

Grupo Wagner as críticas reiteradas de Prigozhin ao Ministerio de Defensa ruso por corrupción e mal manexo da guerra da Ucraína, que comezaron xa no 2022, puxeron en cuestión as razóns da “operación militar especial” ao longo de todo o 2023. Esa desconexión gradual do poder centralizado en Moscova derramou no verán do ano pasado, incitando unha rebelión interna que denominou Marcha da xustiza, coa que tomou o control de Rostov e Voronej, dúas grandes cidades do sur de Rusia e coa que conseguiu achegarse a uns centos de quilómetros de Moscova. Trala rendición, logo de 24 horas que cortaron a respiración de Rusia e a imaxe inexpugnable de poder do Presidente Putin, exactamente dous meses despois da rebelión, morreu xunto con outras nove persoas cando o avión no que viaxaba co seu grupo máis próximo sufriu un “accidente”. A súa biografía fai parte da icónica Rusia de hoxe.

6.2. Jennifer Hermoso



Jennifer Hermoso Fuentes naceu en Madrid no 1990, polo que conta con 33 anos. É unha futbolista española, internacional absoluta desde 2012, da que é a súa máxima goleadora histórica. Gañou sete Ligas, a primeira co Rayo Vallecano no 2011, mais tamén co At-

lético de Madrid e o Fútbol Club Barcelona, e unha Champions League co Fútbol Club Barcelona no 2021. Xogou tamén no Paris Saint Germain co que gañou unha Copa de Francia no 2018. O 22 de agosto de 2023 proclamouse campioa mundial coa Selección absoluta de España feminina. Ao longo do Mundial logrou tres goles e deu dúas asistencias, recibindo o Balón de Prata do torneo. O bico non consentido de Luis Rubiales a Jennifer Hermoso na cerimonia de entrega de premios converteuse en trending topic mundial, sendo un tema central na conversación global en redes sociais durante semanas, mobilizando un novo episodio dos feminismos como movemento social mundial, nesta ocasión co fútbol feminino como protagonista. Financial Times situouna como a segunda muller máis influente do mundo en 2023. A súa actitude e a das súas compañeiras aliñouse co movemento global polos dereitos das mulleres, ela declarou “A todas as persoas que non teñen un altofalante para facerse escoitar, quero dicirles que esta loita é de todas. Gañamos no campo e fóra del para asegurarnos un deporte e unha sociedade inclusiva que nos protexa a todas”. Actualmente xoga no clube Tigres UANL na Liga mexicana de fútbol feminino.

6.3. Elon Musk

Elon Reeve Musk, naceu en Pretoria (Sudáfrica) o 28 de xuño de 1971 polo que ten 52 anos. É un enxeñeiro e inventor de nacionalidade estadounidense-canadense convertido no empresario máis rico do planeta no 2023 segundo a revista Bloomberg (patrimonio neto de 232 mil millóns de dólares). Os seus investimentos e accións empresariais



vincúlase aos novos nichos de negocio do mundo actual. Foi un dos precursores de Paypal por medio dun banco dixital chamado X posteriormente fusionado. Logrou a fama mundial como CEO de Tesla (mobilidade eléctrica). Tamén é fundador de The Boring Company; cofundador de Neuralink e cofundador e xefe inicial de OpenAI e actualmente propietario principal da rede social, especializada en política, X, antigamente Twitter. Ademais de pola súa actividade como empresario, destácase pola súa forte personalidade, que o converteu nun influencer total, empregando as redes sociais de forma prolífica ao longo da súa carreira. Exponente do empresario líquido nunha sociedade internacional de risco total, polemiza cos demócratas ao tempo que é capaz de manter diálogo cos líderes chinos, Rusia ou durante o 2023 apoiar a elección de Javier Milei, anunciando investimentos millonarios de resultar gañador. Como cofundador de Neuralink, empresa de neurotecnoloxía especializada no desenvolvemento de interfaces cerebro-ordenador, anunciou a comezos do 2024 que a empresa implantou con éxito un dos seus chips cerebrais sen fíos nun humano por primeira vez. O seu papel nas eleccións presidenciais dos EE.UU do 2024 está no foco da atención.

6.4. Binyamin Netanyahu



Binyamin Netanyahu naceu en Tel Aviv (Israel) no 1949, polo que conta con 74 anos. Nado no seo dunha familia xudía profana, loitou como soldado desde os seus 18 anos, na Guerra dos seis días (1967) ou na Guerra do Yom Kipur (1973). Posteriormente viaxou aos Estados Unidos onde estudou arquitectura no Mit e posteriormente Ciencias Políticas. Regresou a Israel en 1978 para fundar o Instituto Antiterrorista Jonathan Netanyahu, na honra do seu irmán, morto en combate. En 1982 incorporouse ao corpo diplomático na Embaixada de Israel ante as NNUU, onde continuou até o 1988, para ser posteriormente viceministro de asuntos exteriores entre 1988 e 1993. Posteriormente converteuse no líder do Likud, destacándose pola súa oposición aos Acordos de Oslo de 1993. En 1996 gañou as eleccións fronte o laborismo de Shimon Peres por arredor de 30.000 votos e unha diferenza porcentual dun punto, converténdose no Primeiro Ministro máis xove de Israel. Logo da derrota de 1999, Netanyahu arredouse da política, retomando a súa carreira profesional no eido privado. Sen saír nunca da esfera pública volve á primeira liña da política como Ministro de Relacións Exteriores (2002-2003) e ministro de Finanzas

(2003-2005) nos gobernos de Ariel Sharon. No 2009 volve ao cargo de Primeiro Ministro liderando de novo o Likud, repetindo como Primeiro Ministro liderando gobernos de coalición no 2013, 2015, 2020 e 2022, na atmosfera política fragmentada da última década no sistema político israelí. No 2019 iníciase un proceso xudicial por corrupción contra el e durante o 2022 e 2023 a presión xudicial sobe produto de acusacións de concentración de poderes. Nese contexto os atentados do 7 de outubro de 2023 de Hamas e a desproporcionada resposta antes os mesmos coa invasión terrestre de Gaza, que aínda continúa con máis de 30.000 mortos palestinos, sitúano no fío da navalla a nivel interno, mentres que a nivel externo a demanda por xenocidio de Sudáfrica na Corte Penal Internacional ou a desafección dos EEUU coas súas decisión mantéñeno ao borde do precipicio.

6.5. Javier Milei



Javier Gerardo Milei naceu en 1970 en Buenos Aires, polo que conta con 53 anos. Nado nunha familia traballadora, o seu pai foi condutor de autobús e acabou por fundar unha compañía de transportes, Teniente Ge-

neral Roca SA. Durante a súa adolescencia combinaba a paixón pola lectura co fútbol, xogando como gardaredes, así como cantante de rock coa banda Everest. Estudou Economía na Universidade de Belgrano, tempo que acompañou traballando como pasante no Banco Nacional Arxentino, obtendo a licenciatura co mellor expediente. A súa vida profesional comezou como docente na Universidade de Buenos Aires, onde comeza a súa histriónica biografía, con distintos altercados con alumnos e profesores que lle valeron distintas denuncias. Posteriormente traballou en bancos privados, organismos internacionais así como asesor de diferentes políticos e think tanks. Como conferenciante nacional e internacional, destacou pola súa habilidade para a polémica e o espectáculo. Desde o ano 2010 constrúe a súa carreira como figura mediática arxentina sendo un opositor feroz ao peronismo e particularmente ao kirchnerismo, primeiro como analis-

ta na prensa escrita e posteriormente como polemista da televisión arxentina. Convertido nun referente mundial do liberalismo de corte austríaco creou un programa de radio no 2018, Demoliendo Mitos, que vehiculou a formación do seu partido político “La Libertad Avanza”, que se presentou por primeira vez ás eleccións no ano 2021, conseguindo un lugar como deputado. Nesa altura e no magma social dos confinamentos globais, a súa exposición mediática acaba por explotar, creando o seu programa de televisión en liña, Cátedra libre. Finalmente gaña as eleccións arxentinas, converténdose en presidente o 11 de decembro do 2023. Caracterizado como de extrema dereita polo seu vehemente desprezo pola esquerda arxentina e mundial, así como pola súa relación coas políticas de seguridade e orde e as súas opinións de relacións internacionais, autodefínese como o primeiro anarcoliberal Presidente dun Estado soberano.



IGADI ANNUAL REPORT 2023-2024

Eleccións e Guerras perfilan- do a mul- tipolaridade

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



IGADI

En Galicia
temos
opinión
do Mundo

www.igadi.gal

